

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

21409 *REAL DECRETO 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria.* («BOE» 293, do 8-12-2006.)

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6.2, establece que corresponde ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas a que se refire a disposición adicional primeira, número 2, alínea c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xuño, reguladora do dereito á educación. As ensinanzas mínimas son os aspectos básicos do currículo en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación. O obxecto deste real decreto é establecer as ensinanzas mínimas da educación primaria.

A finalidade das ensinanzas mínimas é asegurar unha formación común a todos os alumnos e alumnas dentro do sistema educativo español e garantir a validez dos títulos correspondentes, como indica o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Tal formación facilitará a continuidade, progresión e coherencia da aprendizaxe en caso de mobilidade xeográfica do alumnado.

En virtude das competencias atribuídas ás administracións educativas corresponde a estas establecer o currículo da educación primaria, do cal formarán parte as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto que requirrán, con carácter xeral, o 65 por cento dos horarios escolares e o 55 por cento para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial.

Os centros docentes desempeñan tamén un activo papel na determinación do currículo, xa que, de acordo co establecido no artigo 6.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, lles corresponde desenvolver e completar, cando for o caso, o currículo establecido polas administracións educativas. Isto responde ao principio de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión que tal lei atribúe aos centros educativos co fin de que o currículo sexa un instrumento válido para dar resposta ás características e á realidad educativa de cada centro.

Na regulación das ensinanzas mínimas ten especial relevancia a definición das competencias básicas que o alumnado deberá desenvolver na educación primaria e alcanzar na educación secundaria obligatoria. As competencias básicas, que se incorporan por primeira vez ás ensinanzas mínimas, permiten identificar aquellas aprendizaxes que se consideran imprescindibles para unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. O seu logro deberá capacitar os alumnos e alumnas para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación á vida adulta de xeito satisfactorio e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Os obxectivos da educación primaria defínense para o conxunto da etapa. En cada área describese o modo en que contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas, os seus obxectivos xerais e, organizados por ciclos, os contidos e criterios de avaliación. Os criterios de avaliación, ademais de permitiren a valoración do tipo e grao de aprendizaxe adquirida, convértense en referente fundamental para valorar o desenvolvemento das competencias básicas.

Na regulación que realicen, as administracións educativas deberán incluir as competencias básicas, os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ben que a agrupación en bloques dos contidos de cada ciclo establecida

neste real decreto ten como finalidade presentar os coñecementos de forma coherente.

A intervención educativa considera como principio a atención a un alumnado diverso, diversidade que se manifesta tanto nas formas de aprender como nas características persoais que condicionan o propio proceso de aprendizaxe. As medidas de atención que permitan garantir unha educación de calidade para todos os alumnos e as alumnas, lograr o seu éxito e responder ás distintas necesidades, formúlanse de forma que se apliquen tan axiña como se detecten as dificultades. Co fin de asegurar que a incorporación á etapa educativa seguinte se produza en condicións óptimas, establecese a necesidade de aplicálas todas.

Finalmente, regúlase a realización dunha avaliación de diagnóstico ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria. Esta avaliación terá carácter formativo e orientador e realizarase co fin de colaborar na análise dos procesos de aprendizaxe de cada alumno, ben como dos procesos de ensino en cada centro, e todo iso nun momento da etapa que permite adoptar as medidas de mellora pertinentes.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación de Consello de Ministros na súa reunión de día 7 de decembro de 2006,

D I S P O Ñ O :

Artigo 1. *Principios xerais.*

1. A educación primaria ten carácter obrigatorio e gratuito. Comprende seis cursos académicos, que se seguirán ordinariamente entre os seis e os doce anos de idade. Con carácter xeral, os alumnos e as alumnas incorporaranse ao primeiro curso da educación primaria no ano natural en que cumpran seis anos.

2. A educación primaria comprende tres ciclos de dous anos cada un e organízase en áreas cun carácter global e integrador.

Artigo 2. *Fins.*

A finalidade da educación primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ben como desenvolver habilidades sociais, hábitos de traballo e estudio, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade.

Artigo 3. *Obxectivos da educación primaria.*

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, ben como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudio ben como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, ben como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sínxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, ben como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer e valorar o seu ámbito natural, social e cultural, ben como as posibilidades de acción e o seu coñado.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construcción de propostas visuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coñado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, ben como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

Artigo 4. Áreas de coñecemento.

1. De acordo co que establece o artigo 18 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as áreas da educación primaria que se imparten en todos os ciclos desta etapa son as seguintes:

Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación artística.

Educación física.

Lingua castelá e literatura e, se a houber, lingua cooficial e literatura.

Lingua estranxeira.

Matemáticas.

2. Nun dos cursos do terceiro ciclo da etapa, ás áreas incluídas no número anterior engadirase a área de educación para a cidadanía e os dereitos humanos, na cal se prestará especial atención á igualdade entre homes e mulleres.

3. No terceiro ciclo da etapa, as administracións educativas poderán engadir unha segunda lingua estranxeira.

4. As áreas que teñan carácter instrumental para a adquisición doutros coñecementos recibirán especial consideración.

5. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúnha das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as

tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballaranse en todas as áreas.

6. A organización en áreas entenderase sen prexuízo do carácter global da etapa, dada a necesidade de integrar as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado nestas idades.

7. A acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarase aos seus ritmos de traballo.

Artigo 5. Currículo.

1. Enténdese por currículo da educación primaria o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación desta etapa educativa.

2. Este real decreto fixa os aspectos básicos do currículo, que constitúen as ensinanzas mínimas da educación primaria a que se refire o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. As administracións educativas establecerán o currículo da educación primaria, do cal formarán parte, en todo caso, as ensinanzas mínimas fixadas neste real decreto, que requirirán o 65 por cento dos horarios escolares ou o 55 por cento nas comunidades autónomas que teñan lingua cooficial.

4. Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo da educación primaria establecido polas administracións educativas, concreción que formará parte do proxecto educativo a que fai referencia o artigo 121.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 6. Competencias básicas.

1. No anexo I deste real decreto fíxanse as competencias básicas que se deberán adquirir no ensino básico e ao logro das cales deberá contribuir a educación primaria.

2. As ensinanzas mínimas que establece este real decreto contribúen a garantir o desenvolvemento das competencias básicas. Os currículos establecidos polas administracións educativas e a concreción deles que os centros realicen nos seus proxectos educativos orientaranse, así mesmo, a facilitar o desenvolvemento das competencias.

3. A organización e funcionamento dos centros, as actividades docentes, as formas de relación que se establezan entre os integrantes da comunidade educativa e as actividades complementarias e extraescolares poden facilitar tamén o desenvolvemento das competencias básicas.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros, ao organizaren a súa práctica docente, deberán garantir a incorporación dun tempo diario de lectura, non inferior a trinta minutos, ao longo de todos os cursos da etapa.

Artigo 7. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

No anexo II deste real decreto fíxanse os obxectivos das diferentes áreas, a contribución destas ao desenvolvemento das competencias básicas, ben como os contidos e criterios de avaliación de cada área nos diferentes ciclos.

Artigo 8. Horario.

1. No anexo III deste real decreto establecese, para as diferentes áreas da educación primaria, o horario escolar que para cada ciclo corresponde aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, de conformidade co disposto no artigo 6.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. O horario asignado ás áreas débese entender como o tempo necesario para o traballo en cada unha delas, sen menoscabo do carácter global e integrador da etapa.

Artigo 9. Avaliación.

1. A avaliação dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global e terá en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo.

2. A avaliação levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos do currículo.

3. Os criterios de avaliação das áreas serán referente fundamental para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

4. No contexto do proceso de avaliação continua, cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do ciclo, tan axiña como se detecten as dificultades e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5. Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

Artigo 10. Promoción.

1. Ao finalizar cada un dos ciclos, e como consecuencia do proceso de avaliação, o profesorado do grupo adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado, tomándose especialmente en consideración a información e o criterio do profesor titor.

2. Accederase ao ciclo educativo seguinte sempre que se considere que se alcanzou o desenvolvimento correspondente das competencias básicas e o adecuado grao de madureza. Accederase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non impidan seguir con aproveitamento o novo ciclo. Neste caso, o alumnado recibirá os apoios necesarios para recuperar esas aprendizaxes.

3. Cando non se cumpran as condicións sinaladas no número anterior, permanecerase un ano máis no mesmo ciclo. Esta medida poderase adoptar unha soa vez ao longo da educación primaria e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación. Os centros organizarán ese plan, de acordo co que establezan as administracións educativas.

4. Accederase á educación secundaria obligatoria se se alcanzou o desenvolvimento correspondente das competencias básicas e o adecuado grao de madureza. Accederase, así mesmo, sempre que as aprendizaxes non alcanzadas non impidan seguir con aproveitamento a nova etapa. Neste caso, o alumnado recibirá os apoios necesarios para recuperar esas aprendizaxes.

Cando non se cumpran as condicións sinaladas no parágrafo anterior, non se poderá ascender á etapa seguinte se non se esgotaron as medidas previstas nos artigos 9.4 e 10.3 deste real decreto.

5. De conformidade co establecido no artigo 4.2 na súa letra e), da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, os pais ou titores deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos ou tutelados, ben como coñecer as decisións relativas á avaliação e promoción e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros para facilitar o seu progreso educativo.

Artigo 11. Titoría.

1. Na educación primaria, a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo do alumnado.

2. O profesor titor coordinará a intervención educativa do conxunto do profesorado e manterá unha relación permanente coa familia, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 4.1. d) e g) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

Artigo 12. Documentos e informes de avaliação.

1. O Ministerio de Educación e Ciencia, logo do informe das comunidades autónomas, determinará os elementos dos documentos básicos de avaliação, ben como os requisitos formais derivados do proceso de avaliação que sexan precisos para garantir a mobilidade do alumnado.

2. De acordo co establecido no artigo 20.5 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, ao finalizar a etapa elaborarase un informe individualizado sobre o grao de adquisición das aprendizaxes, especialmente das que condicioneñ más o progreso educativo do alumno e aqueloutros aspectos que se consideren relevantes para garantir unha atención individualizada.

Garantirase a confidencialidade desta información ao determinar as características dos informes e nos mecanismos de coordinación coa etapa educativa seguinte que se establezan.

Artigo 13. Atención á diversidade.

1. A intervención educativa debe considerar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvimento de todos eles e a un tempo unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

2. Os mecanismos de reforzo que se deberán pór en práctica tan axiña como se detecten dificultades de aprendizaxe serán tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderan considerar o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacíons do currículo.

3. Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo a que se refire o artigo 71 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poida alcanzar o máximo desenvolvimento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceran as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

4. As administracións educativas, co fin de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerán os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacíons que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliação do currículo, co fin de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precisen, a que se refire o artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. As devanditas adaptacíons realizaran buscando o máximo desenvolvimento posible das competencias básicas; a avaliação e a promoción tomarán como referente os obxectivos e criterios de avaliação fixados nesas adaptacíons.

Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis no mesmo ciclo, prevista no artigo 20.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a escolarización deste alumnado na etapa de educación primaria en centros ordinarios poderase prolongar un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socio-educativa.

5. A escolarización do alumnado que se incorpora tardivamente ao sistema educativo a que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, realizarase atendendo ás súas circunstancias, coñecementos, idade e historial académico.

Cando presenten graves carencias na lingua de escolarización do centro, recibirán unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos cales compartirán o maior tempo posible do horario semanal.

Os que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis dun ciclo poderán ser escolarizados no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase e lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos. No caso de superaren ese desfase, incorporaranse ao grupo correspondente á súa idade.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal polo persoal coa debida cualificación e nos termos que determinen as administracións educativas, flexibilizarase, nos termos que determina a normativa vixente, de forma que se poida anticipar un curso o inicio da escolarización na etapa ou reducir a súa duración, cando se prevexa que son estas as medidas más adecuadas para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización.

Artigo 14. *Autonomía dos centros.*

1. Ao establecer o currículo da educación primaria, as administracións educativas fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e estimularán a actividade investigadora a partir da súa práctica docente.

2. Os centros docentes desenvolverán e completarán o currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas polas administracións educativas adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, co fin de atender a todo o alumnado, tanto o que ten maiores dificultades de aprendizaxe como o que ten maior capacidade ou motivación para aprender.

3. Os centros promoverán, así mesmo, compromisos coas familias en que se especifiquen as actividades que ambos se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.

4. Os centros, no exercicio da súa autonomía, poderán adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización ou ampliación do horario escolar nos termos que establezan as administracións educativas, sen que, en ningún caso, se imponan achegas ás familias nin exixencias para as administracións educativas.

Artigo 15. *Avaliación de diagnóstico.*

1. A avaliação de diagnóstico, regulada no artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que realizará todo o alumnado ao finalizar o segundo ciclo da educación primaria, non terá efectos académicos, terá carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e para o conxunto da comunidade educativa.

2. No cadre das súas respectivas competencias, as administracións educativas proporcionarán aos centros os modelos e apoios pertinentes, co fin de que todos eles poidan realizar de modo adecuado estas avaliações.

3. Os centros utilizarán os resultados destas avaliações para, entre outros fins, organizaren, no terceiro ciclo da educación primaria, as medidas de reforzo para os alumnos e as alumnas que as requiran, dirixidas a garantir que todo o alumnado alcance as correspondentes competencias básicas. Así mesmo, estes resultados permitirán, xunto coa avaliação dos procesos de ensino e a práctica docente, analizar, valorar e reorientar, se proceder, as actuacións desenvolvidas nos dous primeiros ciclos da etapa.

Disposición adicional primeira. *Ensinanzas de relixión.*

1. As ensinanzas de relixión incluiranse na educación primaria de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. As administracións educativas garantirán que, ao inicio do curso, os pais ou tutores dos alumnos e as alumnas poidan manifestar a súa vontade de que estes reciban ou non reciban ensinanzas de relixión.

3. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que os alumnos e as alumnas cujos pais ou tutores non optasen por que cursen ensinanzas de relixión reciban a debida atención educativa, co fin de que a escola dunha ou outra opción non supoña discriminación ningunha. A devandita atención en ningún caso comportará a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a calquera área da etapa. As medidas organizativas que disponen os centros deberán ser incluídas no seu proxecto educativo para que pais e tutores as coñezan con anterioridade.

4. A determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas con que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

5. A avaliação do ensino da relixión católica realizarase nos mesmos termos e cos mesmos efectos que a das outras áreas da educación primaria. A avaliação do ensino das diferentes confesións relixiosas axustarase ao establecido nos acordos de cooperación subscritos polo Estado español.

6. Co fin de garantir o principio de igualdade e a libre concorrenza entre todo o alumnado, as cualificacións que se obtivesen na avaliação das ensinanzas de relixión non se computarán nas convocatorias en que deban entrar en concorrenza os expedientes académicos.

Disposición adicional segunda. *Ensinanzas do sistema educativo español impartidas en linguas estranxeiras.*

1. As administracións educativas poderán autorizar que unha parte das áreas do currículo se imparten en linguas estranxeiras sen que iso supoña modificación dos aspectos básicos do currículo regulados neste real decreto. Neste caso, procurarán que ao longo da etapa os alumnos adquiran a terminoloxía propia das áreas en ambas as linguas.

2. Os centros que impartan unha parte das áreas do currículo en linguas estranxeiras aplicarán, en todo caso, os criterios para a admisión do alumnado establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Entre tales criterios non se incluirán requisitos lingüísticos.

Disposición transitoria única. *Vixencia do Real decreto 1006/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria, e do Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión.*

Até a implantación da nova ordenación da educación primaria de acordo co dispuesto no Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as ensinanzas mínimas desta etapa rexeranse polo establecido no Real decreto 1006/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria e no Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión, no relativo a esta etapa educativa.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o Real decreto 1006/1991, do 14 de xuño, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación primaria e o Real decreto 2438/1994, do 16 de decembro, que regula o ensino da relixión, no que se refire a esta etapa educativa, de acordo co establecido na disposición transitoria única deste real decreto.

2. Quedan derogadas as demais normas de igual ou inferior rango en canto se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter de norma básica ao abeiro das competencias que atribúe ao Estado o artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución española, e dítase en virtude da habilitación que confire ao Goberno o artigo 6.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e en uso da competencia estatal para a ordenación xeral do sistema educativo e para a fixación das ensinanzas mínimas recollida na disposición adicional primeira, 2. a) e c)

da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, regulada do dereito á educación.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvimento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación e Ciencia ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de decembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MERCEDES CABRERA CALVO-SOTELO

competencias que aquí se establecen e que fan explícitas as metas que todo o alumnado debe alcanzar. Aínda que hai aspectos na caracterización das competencias cuxa adquisición non é específica desta etapa, convén coñécelos para asentar as bases que permitan que ese desenvolvemento posterior poida producirse con éxito.

O currículo estrútrase arredor de árees de coñecemento, é nelas onde se deben procurar os referentes que permitirán o desenvolvemento das competencias nesta etapa. Así pois, en cada área inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución a aquelas competencias básicas a que se orienta en maior medida. Por outro lado, tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos procuran asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación serven de referencia para valorar o progreso na súa adquisición.

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de constitución e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, así como emocións e conducta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propias desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, ben como dialogar, formar un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións, e disfrutar escollendo, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da confianza nun mesmo.

Comunicarse e conversar son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demás e co contorno, e achegarse a novas culturas, que adquieren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade, a construcción de relacións iguais entre homes e mulleres, a eliminación de estereotipos e expresións sexistas. A comunicación lingüística debe ser motor da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

Escoliar, explorar e dialogar implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se trocan en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.

Ler e escribir son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recopilar e procesar información, e ser competente para comprender, compor e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros mundos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe, pola súa vez, a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a alguns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representar mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoo de coherencia.

Comprender e saber comunicar son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e análise. Expressar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes coa situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dunha maneira adecuada.

Dispor desta competencia significa ter consciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da lingua en función do contexto e a intención comunicativa. Implica a

A incorporación de competencias básicas ao currículo permite pór o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, cunha visión integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquellas competencias que debe ter desenvolvido un neno ou nena moza ao finalizar o ensino obligatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades. En primeiro lugar, integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes árees ou materiais, como as informais e non formais. En segundo lugar, permitir a todos os estudiantes integrar as suas aprendizaxes, pónolas en relación con distintos tipos de contidos e utilizalos de xeito efectivo cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos. E, por último, orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

Coas árees e materiais do currículo preténdese que todos os alumnos e as alumnas alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, tamén que adquieran as competencias básicas. No entanto, non existe unha relación únivoca entre o ensino de determinadas árees ou materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha das árees contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias alcanzaráse como consecuencia do traballo en varias árees ou materias.

O traballo nas árees e materiais do currículo para contribuir ao desenvolvemento das competencias básicas débese complementar con diversas medidas organizativas e funcionais, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Así, a organización e o funcionamiento dos centros e as aulas, a participación do alumnado, as normas de réxime interno, o uso de determinados metodoloxías e recursos didácticos, ou a concepción, organización e funcionamiento da biblioteca escolar, entre outros aspectos, poden favorecer ou dificultar o desenvolvemento de competencias asociadas á comunicación, á análise do ámbito físico, á creación, á convivencia e á cidadanía, ou á alfabetización dixital. Igualmente, a acción tutorial permanente pode contribuir de modo determinante á adquisición de competencias relacionadas coa regulación das aprendizaxes, o desenvolvemento emocional ou as habilidades sociais. Por último, a planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenvolvemento do conxunto das competencias básicas.

No caso da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de exponer, identifícaranse oito competencias básicas:

1. Competencia en comunicación lingüística
2. Competencia matemática
3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
4. Tratamento da información e competencia dixital
5. Competencia social e cidadá
6. Competencia cultural e artística
7. Competencia para aprender a aprender
8. Autonomía e iniciativa persoal

Neste anexo recollense a descripción, a finalidade e os aspectos distintivos destas competencias eponse de manifesto, en cada unha delas, o nivel considerado básico que debe alcanzar todo o alumnado. Ben que están referidas ao final da etapa de educación obligatoria, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de maneira que a sua adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Por iso, a educación primaria tomará como referente as

capacidade empática de se pôr no lugar doutras persoas; de ler, escutar, analizar e ter en conta opiniões distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico; de expresar adecuadamente -en fondo e forma- as propias ideas e emocións, e de aceptar e realizar críticas con espírito construtivo.

Con distinto nível de dominio e formalización -especialmente na lingua escrita- esta competencia significa, no caso das linguis estranxeiras, poderse comunicar nalgúns das e, con iso, enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Así mesmo, favorecese o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

En síntese, o desenvolvimento da competencia lingüística ao final da educación obligatoria comporta o dominio da lingua oral e escrita en múltiples contextos, e o uso funcional de, polo menos, unha lingua estranxeira.

2. Competencia matemática

Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral.

Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con clarza e precisión informacions, datos e argumentacions, o que aumenta a posibilidade real de seguir aprendendo ao longo da vida, tanto no ámbito escolar ou académico como fóra del, e favorece a participación efectiva na vida social.

Así mesmo, esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos (distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.) en situacions reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención de información. Estes procesos permiten aplicar esa información a unha maior variedade de situacions e contextos, seguir cadeas argumentais identificando as ideas fundamentais, estimar e axuizar a lóxica e validez de argumentacions e informacions. En consecuencia, a competencia matemática supón a habilidade para seguir determinados procesos de pensamento (como a inducción e a dedución, entre outros) e aplicar algúns algoritmos de cálculo ou elementos da lóxica, o que condúce a identificar a validez dos razonamentos e a valorar o grao de certeza asociado aos resultados derivados dos razoamentos válidos.

A competencia matemática implica unha disposición favorable e de progresiva certeza e confianza na información e nas situacions (problemas, incognitas, etc.) que conténen elementos ou soportos matemáticos, ben como na sua utilización cando a situación o aconsella, baseadas no respecto e o gusto pola certeza e na súa procura a través do razoamento.

Esta competencia cobra realidade e sentido na medida en que os elementos e razonamentos matemáticos son utilizados para enfrentarse a aquelas situacions cotiás que os precisan. Por tanto, a identificación de tales situacions, a aplicación de estratexias de resolución de problemas, e a selección das técnicas adecuadas para calcular, representar e interpretar a realidade a partir da información dispoñible están incluídas nela, e en definitiva, a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos o máis variados posible. Por iso, o seu desenvolvemento na educación obligatoria alcanzárase conforme os coñecementos matemáticos se apliquen de xeito espontáneo a unha amplia variedade de situacions, provenientes doutros campos de coñecemento e da vida cotiá.

O desenvolvemento da competencia matemática ao final da educación obligatoria implica utilizar espontaneamente -nos ámbitos persoal e social- os elementos e razonamentos matemáticos para interpretar e producir información, para resolver problemas provenientes de situacions cotiás e para tomar decisions. En definitiva, supón aplicar aquelas destrezas e actitudes que permiten razoar matemáticamente, comprender unha argumentación matemática e expresarse e comunicarse na linguaaxe matemática, utilizando as ferramentas de apoyo adecuadas, e integrando o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento para dar unha mellor resposta ás situacions da vida de distinto nivel de complexidade.

3. Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

É a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, de modo que se possibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicions de vida propia, das

demais persoas e do resto dos seres vivos. En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adequadamente, con autonomía e iniciativa persoal en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que exige a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos desde os diferentes campos de coñecemento científico involucrados.

Así, forma parte desta competencia a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolvem a vida e a actividade humana, tanto a grande escala como no ámbito inmediato, e a habilidade para interactuar co espazo circundante; moverse nel e resolver problemas en que intervénen os obxectos e a súa posición.

Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, o seu asentamento, a súa actividade, as modificacions que introducen e as paisaxes resultantes, ben como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, e se manterá a solidariedade global e interxacional. Supón tamén demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, ben como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá.

Esta competencia, en partindo do coñecemento do corpo humano, da natureza e da interacción dos homes e mulleres con ela, permite argumentar racionalmente as consecuencias dun ou outros modos de vida, e adoptar unha disposición a unha vida física e mental saudable nun ambiente natural e social tamén saudable. Así mesmo, supón considerar a dobre dimensión -individual e colectiva- da saúde, e mostrar actitudes de responsabilidade e respecto polos demás e por un mesmo.

Esta competencia fai posible identificar preguntas ou problemas e obter conclusiones baseadas en probas, coa finalidade de comprender e tomar decisiones sobre o mundo físico e sobre os cambios

que a actividade humana produce sobre o medio, a saúde e a calidade de vida das persoas. Supón a aplicación destes coñecementos e procedementos para dar resposta ao que se percibe como demandas ou necesidades das persoas, das organizacións e do ambiente.

Tamén incorpora a aplicación dalgúns nocións, conceptos científicos e técnicos, e de teorías científicas básicas previamente comprendidas. Isto implica a habilidade progresiva para levar á práctica os procesos e actitudes propios da análise sistemática e de indagación científica: identificar e formular problemas relevantes; realizar observacións directas e indirectas, con conscientia do cadro teórico ou interpretativo que as dirixe; formular preguntas; localizar, obter, analizar e representar información cualitativa e cuantitativa; formular e contrastar solucionis tentativas ou hipóteses; realizar prediccions e inferencias de distinto nivel de complexidade; e identificar o coñecemento dispoñible, teórico e empírico) necesario para responder ás preguntas científicas, e para obter, interpretar, avaliar e comunicar conclusiones en diversos contextos (académico, persoal e social). Significa tamén recoñecer a natureza, fortalezas e límites da actividade investigadora como construcción social do coñecemento ao longo da historia.

Esta competencia proporciona, ademais, destrezas asociadas á planificación e manexo de solucionis técnicas, seguindo criterios de economía e eficiacia, para satisfacer as necesidades da vida cotiá e do mundo laboral.

En definitiva, esta competencia supón o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico-tecnico para interpretar a información que se recibe e para predecir e tomar decisions con iniciativa e autonomía persoal nun mundo en que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico tenen unha influencia decisiva na vida persoal, a sociedade e o mundo natural. Así mesmo, implica a diferenciación e valoración do coñecemento científico ao lado doutras formas de coñecemento, e a utilización de valores e criterios éticos asociados á ciencia e ao desenvolvemento tecnolóxico.

En coherencia coas habilidades e destrezas relacionadas até aquí, son parte desta competencia básica o uso responsable dos recursos naturais, o coñecido do ambiente, o consumo racional e responsable e a protección da saúde individual e colectiva como elementos chave da calidade de vida das persoas.

4. Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o

acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Está asociada coa procura, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte a que se acuda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia). Requiere o dominio de linguaxes específicas básicas (textual, numérica, lóxica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de descodificación e transferencia, ben como aplicar en distintas situaciones e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas posibilidades e a súa localización, ben como as linguaxes e soportes más frecuentes en que esta se acostuma expresar.

Tamén se valorará se captan intuitivamente a idea de forzas en relación co movemento. Deberán pór exemplos do que acontece cando se aplican forzas da mesma dirección e cando se trata de forzas en contacto ou a distancia.	- Observación directa de seres vivos, con instrumentos apropiados e a través do uso de medios audiovisuais e tecnolóxicos.
9. Montar e desmontar obxectos e aparellos simples e describir o seu funcionamento e a forma de utilizarlos con precaución.	- A agricultura. Estudo dalgúns cultivos.
Este criterio avalia se desenvolveron habilidades manuais para montar e desmontar máquinas e obxectos simples (balanza, bicicleta, tesorras...), explicar como funcionan, para que serve cada parte e que medidas de seguranza deben tomar para non correr riscos tanto no uso como na montaxe e desmontaxe.	- A gandaría. Estudo da cría dalgúnhas especies.
10. Realizar preguntas adecuadas para obter información dunha observación, utilizar algunos instrumentos e facer rexistros claros.	- Interese pola observación e o estudo de todos os seres vivos.
Este criterio tenta avaliar a competencia para enfrentarse a unha observación formulando, previamente e durante ela, interrogantes que lle permitan obter información relevante. Valorarase tamén o uso dalgúns instrumentos, como a lupa, e a realización de textos escritos básicos a partir de modelos.	- Comportamento activo na conservación e o cuidado de plantas e animais.
<i>Segundo ciclo</i>	
<i>Confidós</i>	
Bloque 1. O ambiente e a súa conservación	
- Orientación no espazo: os puntos cardinais.	
Bloque 2. A diversidade dos seres vivos	
- Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.	
Bloque 3. A saúde e o desenvolvemento persoal	
- Conocemento da morfoloxía externa do propio corpo. Os cambios nas diferentes etapas da vida.	
- Os sentidos, descripción do seu papel e importancia do seu coñecemento habitual. A relación con outros seres humanos e co mundo.	
Bloque 4. Persoas, culturas e organización social	
- Estructuras familiares. Adquisición de responsabilidades na familia.	

- Organización da comunidade educativa e participación nas actividades do centro.
 - Diferentes formas de relación dos membros dunha comunidade (amizade, veciñanza, etc.)
 - As normas de convivencia e o seu cumplimento. Valoración da cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos.
 - Observación, identificación e descripción dalgúns trazos demográficos e económicos de medios rurais e urbanos.
 - Identificación das manifestacións culturais populares que conviven no medio, recoñecemento da súa evolución no tempo e valoración como elementos de cohesión social.
 - Bens e servizos para satisfacer as necesidades humanas. Descripción da orixe, transformación e comercialización dalgún producto ou servizo básico.
 - Responsabilidade no cumplimento das normas como peóns e usuarios de transportes e doutros servizos.
 - As administracións como garantes dos servizos públicos. Valoración da importancia da contribución cidadá ao funcionamento das institucións.
 - Obtención de información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, valorando o seu contido.
 - Análise dalgunhas mensaxes publicitarias e desenvolvemento de actitudes de consumo responsable.
 - A organización territorial do Estado español. As comunidades autónomas.
- Bloque 5. Cambios no tempo**
- Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e iniciación ao manexo das noções de sucesión, ordenación e simultaneidade.
 - Uso de técnicas de rexistro e representación do pasado familiar e próximo.
 - Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do conhecemento de aspectos da vida cotiá.
 - Evolución nun tempo longo dalgún aspecto da vida cotiá, relación con algúns feitos históricos relevantes.
 - Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegas antigas no medio (tradicóns, edificios, obxectos).
 - Utilización de documentos escritos e visuais para obtener información histórica e elaborar distintos traballos.
 - Identificación do papel dos homes e das mulleres na historia.
- Bloque 6. Materia e enerxía**
- Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (peso/masa, estado, volume, cor, textura, cheiro, atracción magnética) e posibilidades de uso.
 - Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen. Forzas de atracción ou repulsión.
 - Enerxía e cambios. Fontes e usos da enerxía. Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.
 - Valoración do uso responsable das fontes de enerxía no planeta.
- Producción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.
- Responsabilidade individual no aforro enerxético.
- Identificación de mesturas.
- Comportamento dos corpos en función da luz. A reflexión da luz e a descomposición da luz branca.
- Planificación e realización de experiencias sínxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante cambios enerxéticos, facendo predicións explicativas sobre resultados.
- Respeto polas normas de uso, seguranza e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- Bloque 7. Obxectos, máquinas e tecnoloxías**
- Identificación e descripción de oficios en función dos materiais, ferramentas e máquinas que utilizan.
 - Identificación das fontes de enerxía con que funcionan as máquinas.
 - Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construcción sínxela.
 - Confección dalgúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engranaxe, freo, etc.) e da función que realizan independentemente da máquina en que se encontren.
 - Recoñecemento da importancia do uso de aplicacións tecnolóxicas respectuosas co ambiente.
 - Relevancia dalgúns dos grandes inventos e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida.
 - Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas, superando estereotipos sexistas.
 - Elaboración de textos instrutivos e explicativos para a comunicación, oral e escrita, do desenvolvemento dun proxecto.
 - Utilización básica de tratamiento de textos: titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión.
 - Interese por coñard a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.
 - Seguimento dunha secuencia dada para encontrar unha información na internet.
- Criterios de avaliación**
1. Recoñecer e explicar, recollendo datos e utilizando aparellos de medida, as relacóns entre algunos factores do medio físico (relevo, solo, clima, vexetación, ...) e as formas de vida e actuacóns das persoas, valorando a adopción de actitudes de respecto polo equilibrio ecolóxico.
- Con este criterio téntase coñecer se son capaces de apreciar relacóns como as que se dan entre tipo de vivenda, cultivos, paisaxe, vexementa, etc. co clima, o relevo, a presenza de determinadas especies animais e vexetais, etc., como aproximación ao concepto de hábitat. Tamén se valorará se reconecen a importancia da sustentabilidade do equilibrio ecolóxico e a necesidade de adoptar actitudes respectuosas co ambiente, a necesidade de conservar estes recursos, especialmente con respecto ao uso da auga.
2. Identificar e clasificar animais, plantas e rochas segundo criterios científicos.
- Con este criterio de avaliación ténchense saber se coñecen criterios científicos para clasificar seres vivos ou inertes, como o seu réxime alimentario, a súa forma de reproducirse ou a súa morfoloxía en

seres vivos, ou a sua dureza, exfoliación ou brillo en rochas e minerais. A avaliación supón que poidan activar os coñecementos necesarios para recoñecer a especie de que se trata, áinda coa axuda de claves ou pautas sínxelas.

3. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvimento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para discernir actividades que prexudican e que favorecen a saúde e o desenvolvemento equilibrado da súa personalidade, como a inxestión de lambetadas, o exceso de peso da súa mochila, os desprazamentos andando, o uso limitado de televisión, videoconsolas ou xogos de ordenador, etc. Así mesmo valorarase se van definindo un estilo de vida propio adecuado á súa idade e constitución, no cal tamén se teña en conta a sua capacidade para resolver conflitos, a súa autonomía, o coñecemento de un mesmo, ou a sua capacidade de decisión na adopción de condutas saudables no seu tempo de lecer.

4. Identificar, a partir de exemplos da vida diaria, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais, sinalando vantaxes e inconvenientes e analizar o proceso seguido por algún ben ou servizo, desde a sua orixe até o consumidor.

Con este criterio quérese avaliar o coñecemento dos elementos fundamentais do medio físico, a súa relación coa vida das persoas, ben como o equilibrio existente entre os diferentes elementos do medio físico e as consecuencias derivadas do uso inadecuado do medio e dos recursos. Do mesmo xeito, avaliarse o grao de coñecemento dalgúns procesos de producción de alimentos, das técnicas e procedementos de conservación destes e da súa comercialización. Así mesmo valorarase se sabe por exemplo da relevancia que ten para a economía mundial a introdución das tecnoloxías para o desenvolvemento da sociedade do benestar.

5. Sinalar algunas funcións das administracións e de organizacións diversas e a súa contribución ao funcionamento da sociedade, valorando a importancia da participación persoal nas responsabilidades colectivas.

Quérese avaliar con este criterio se coñecen o funcionamento xeral dos órganos dalgúnhas organizacións próximas, o papel das administracións como garantes dos servizos públicos más importantes para mejorar a vida dos cidadáns. Así mesmo, valorarase os comportamentos de participación e asunción de responsabilidades para favorecer a convivencia na aula e a participación no centro.

6. Utilizar as nocions espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no ámbito, para localizar e describir a situación dos obxectos en espazos delimitados, e utilizar planos e mapas con escala gráfica para desprazarse.

Con este criterio de avaliación tencíñase comprobar se interroñaron as nocions espaciais, se saben localizar a situación dos puntos cardinais e se se poden situar e desprazar no espazo facendo referencia a eles e utilizando planos e mapas con escala gráfica.

7. Explicar con exemplos concretos, a evolución dalgún aspecto da vida cotiá relacionado con feitos históricos relevantes, identificando as nocions de duración, sucesión e simultaneidade.

Con este criterio ténense comprobar o grao de adquisición das nocions básicas de tempo histórico: presente-pasado-futuro, anterior-posterior, duración e simultaneidade (antes de, despois de, a un tempo, mentres...) O alumnado deberá situar correctamente, segundo os referidos criterios de sucesión, duración e simultaneidade feitos históricos relevantes relacionados coas formas de subsistencia e de organización social e outros relativos á evolución de aspectos da vida cotiá tales como os diferentes tipos e formas de realizar o traballo, distintos tipos de vivenda, diferentes medios de comunicación e de transporte, ben como sociiedades do pasado.

8. Identificar fontes de enerxía comúns e procedementos e máquinas para obtela, pór exemplos de usos prácticos da enerxía e valorar a importancia de facer un uso responsable das fontes de enerxía do planeta.

Con este criterio preténdese avaliar se son capaces de identificar as fontes de enerxía máis comúns (vento, sol, combustíbeis, etc.) e se relacionan a enerxía con usos habituais na súa vida cotiá (a batedora, o secador, a calefacción, o aire acondicionado, etc.), se recoñecen a calor como

transferencia de enerxía en procesos físicos observables, se describen transformacións simples de enerxía (a combustión nun motor para mover un coche, a enerxía eléctrica para que funcione unha lámpada, etc.) Así mesmo, deberán pór exemplos de comportamentos individuais e colectivos para utilizar de forma responsable as fontes de enerxía.

9. Analizar as partes principais de obxectos e máquinas, as funcións de cada unha delas e planificar e realizar un proceso sínxelo de construcción dalgún obxecto mostrando actitudes de cooperación no traballo en equipo e o coñado pola seguranza.

Este criterio avalía se coñecen e se saben explicar as partes dunha máquina (poleas, pancas, rodas eixes, engranaxes,...) e cal é a súa función. Así mesmo, valorarase se saben aplicar ese coñecementos á construcción dalgún obxecto ou aparello, por exemplo un coche que rode, aplicando correctamente as operacións matemáticas básicas no cálculo previo, e as tecnolóxicas: unir, cortar, decorar, etc., sabendo relacionar os efectos coas causas. É básico valorar o traballo cooperativo e a súa desenvolviatura manual, apreciando o coñado pola seguranza propia e dos seus compañeiros, o coñado das ferramentas e o uso axustado dos materiais.

10. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais e sociais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes básicas e comunicar os resultados.

Este criterio tenta avaliar a capacidade para establecer conjecturas tanto respecto de sucesos que acontecen dunha forma natural como sobre os que acontecen cando se provocan, a través dun experimento ou unha experiencia, valorándose máis a coherencia dos razonamentos que o acerto. Así mesmo, hai que valorar se son capaces de recoñecer cando unha idea é falsa. Prestarase especial atención á comunicación oral e escrita de resultados, que se debe acompañar de imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resúmnos, etc.

Terceiro ciclo

Confidáns

- Bloque 1. O ambiente e a súa conservación
- Percepción e representación a escala de espazos confeccidos.
 - Utilización e interpretación de diferentes representacións sobre un mesmo espazo (planos, fotografías aéreas, bosquejos e outros medios tecnolóxicos).
 - O universo. O sistema solar.

Bloque 2. A diversidade dos seres vivos

- Combinación de elementos climatolóxicos. Diferenza entre tempo e clima. Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións.
- Características do clima do lugar en que se vive e dos principais climas. Influencia na paisaxe e na actividade humana.
- Identificación e clasificación de rochas e minerais.
- A auga na natureza, a súa contaminación e estrago. Actuacións para o seu aproveitamento.
- Identificación e localización en diferentes representacións cartográficas de elementos relevantes de xeografía física e política do mundo.
- Os seres humanos como compoñentes do ambiente e a súa capacidade de actuar sobre a natureza.
- Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio español e interese por coñecer paisaxes doutros lugares.

- A estrutura e fisioloxía das plantas.

- Uso de claves e guías de identificación de animais e plantas.	Bloque 5. Cambios no tempo
- Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos. Comunicación oral e escrita de resultados.	- Convencións de datación e de periodización (a.C. , d.C. ; idade).
- Estrutura básica da célula. Uso da lupa binocular e doutros medios tecnolóxicos para o seu reconecemento.	- Uso de técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, para percibir a duración, a simultaneidade e a relación entre acontecementos.
- Aproximación a outras formas de vida: bacterias, virus, algas e fungos.	- Factores explicativos das accións humanas, dos acontecementos históricos e dos cambios sociais.
- Procura de información sobre os seres vivos e as súas condicións de vida.	- Caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas: prehistórica, clásica, medieval, dos descubrimentos, do desenvolvemento industrial e do mundo no século XX, a través do estudo dos modos de vida.
- Sensibilidade pola precisión e o rigor na observación de animais e plantas e na elaboración dos traballos correspondentes.	- Acontecementos e personaxes relevantes da historia de España.
- Respeito polas normas de uso e de seguranza dos instrumentos e dos materiais de traballo.	- Conhecemento, valoración e respecto de manifestacións significativas do patrimonio histórico e cultural.
Bloque 3. A saúde e o desenvolvemento persoal	
- O funcionamiento do corpo humano. Anatomía e fisiología. Aparellos e sistemas.	- Utilización de distintas fontes históricas, xeográficas, artísticas, etc. para elaborar informes e outros traballos de contido histórico.
- A nutrición (aparellos respiratorio, digestivo, circulatorio e excretor).	- Valoración do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.
- A reproducción (aparello reprodutor).	Bloque 6. Materia e enerxía
- A relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso).	- Estudo e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación, conductividade térmica).
- Conhecemento de primeiros auxilios para saberse axudar e axudar aos demás.	- Utilización de diferentes procedementos para a medida da masa e o volume dun corpo.
- Desenvolvemento de estilos de vida saudables. Reflexión sobre o coñadizo e mantemento dos diferentes órganos e aparellos.	- Explicación de fenómenos físicos observables en termos de diferenzas de densidade. A flutuabilidade nun medio líquido.
- Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou entorpecen un desenvolvemento saudable e comportamento responsable.	- Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.
- A identidade persoal. Conhecemento persoal e autoestima. A autonomía na planificación e execución de accións e tarefas. Desenvolvemento de iniciativa na toma de decisións.	- Fontes de enerxía renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sustentable e equitativo. Responsabilidade individual no seu consumo.
Bloque 4. Personas, culturas e organización social	
- Comprensión do funcionamiento da sociedade a partir da análise de situacións concretas en organizacións próximas.	- Diferentes formas de enerxía. Transformacións simples de enerxía.
- A poboación en España e na Unión Europea. Reconhecemento da importancia demográfica, cultural e económica das migracións no mundo actual.	- Separación de componentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.
- Reconhecemento e valoración da diversidade cultural e lingüística en España.	- Reaccións químicas. Combustión, oxidación e fermentación.
- Rexeitamento de estereotipos e de calquera tipo de discriminación e desenvolvemento da empatía cos demás.	- A calor, percepción e observación sistemática dos seus efectos: aumento de temperatura e dilatación. Cambios de estado e a súa reversibilidade.
- Producción de bens e servizos para satisfacer as necesidades humanas. A importancia do sector servizos. As desigualdades no consumo.	- Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade. Comunicación oral e escrita do proceso e do resultado.
- O papel das comunicacións e os transportes nas actividades persoais, económicas e sociais.	- Respeito polas normas de uso, seguranza e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.
- Aproximación ás institucións de goberno autonómicas e estatais: algunas das súas responsabilidades para a resolución de problemas sociais, ambientais, económicos, etc.	Bloque 7. Obxectos, máquinas e tecnoloxías
- A organización territorial e política da Unión Europea.	- Relación entre as propiedades dos materiais e o seu uso en aplicacións concretas.
- Recolla de información de distintas fontes para analizar situacións e problemas.	- Conhecemento das aplicacións dos obxectos e as máquinas, e da súa utilidade para facilitar as actividades humanas.
- Reconhecemento da influencia da publicidade sobre o consumo e actitude crítica ante ela.	

- Construción de estruturas sínxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.
- Circuitos eléctricos sínxelos. Efectos da electricidade. Condutores e illantes.
- Elaboración dun informe como técnica para o rexistro dun plan de traballo, comunicación oral e escrita de conclusiones.
- Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.
- Utilización de recursos sínxelos fornecidos polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.
- Procura guida de información na rede.
- Uso progresivamente autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, etc.)
- Toma de consciencia da necesidade de controlar o tempo de entretemento coas tecnoloxías da información e a comunicación e do seu poder de adicción.

Criterios de avaliación

1. Concretar exemplos nos cales o comportamento humano inflúa de xeito positivo ou negativo sobre o ambiente; describir algúns efectos de contaminación sobre as persoas, animais, plantas e os seus ámbitos, sinalando alternativas para previa ou reducila, ben como exemplos de estrago de recursos como a auga con exposición de actitudes conservacionistas.

Este criterio pretende avaliar se ao final da etapa se adquiriron coñecementos relacionados coas ciencias ambientais polo que deben mostrar un coñecemento práctico da utilización humana dos recursos naturais da Terra e poder identificar algúns recursos físicos utilizados na vida cotiá e a necesidade de conservar estes recursos, especialmente a auga. Deben poder explicar, oralmente e por escrito, como os cambios no medio, tanto os producidos por procesos naturais como pola actividad humana, poden afectar componentes vivos e inertes e cambiar o equilibrio. Así mesmo, valorarase se coñecen os efectosalgúns tipos comúns de contaminación e como as persoas os podemos previr ou reducir. Apreciarase se son conscientes de que a actividad humana pode afectar o ambiente positiva ou negativamente, dando exemplos diso, con especial atención ao uso da auga.

2. Caracterizar as principais paisaxes españolas e analizar algúns axentes físicos e humanos que as conforman, e por exemplos do impacto das actividades humanas no territorio e da importancia da súa conservación.

Este criterio pretende medir o coñecemento sobre as principais paisaxes características dos diferentes territorios españois, a capacidade para establecer comparacións (semellanzas e diferenzas) entre paisaxes, distinguir os elementos fundamentais, coñecer os principais tipos de asentamento humano nas rexións españolas e comprender a importancia da intervención humana na modificación ou na conservación das paisaxes naturais.

3. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano, establecendo algunas relacións fundamentais entre eles e determinados hábitos de saúde.

Con este criterio tentase valorar se posúen unha visión completa do funcionamento do corpo humano, canto a células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas; a súa localización, forma, estrutura, funcións, coñizados, etc. Do mesmo modo se valorará se relacionan determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo. Así pois, non se trata só de avaliar se adoptan estilos de vida saudables, senón de se saben as repercuções para a súa saúde do seu modo de vida, tanto na escola como fora dela.

4. Analizar algúns cambios que as comunicacións e a introdución de novas actividades económicas relacionadas coa producción de bens e servizos supuxeron para a vida humana e para o ambiente,

valorando a necesidade de superar as desigualdades provocadas polas diferenças no acceso a bens e servizos.

O criterio pretende avaliar a capacidade do alumnado para analizar os cambios de todo tipo que as comunicacións e os transportes provocaron nas actividades persoais, económicas e sociais. Deberanse recoñecer os cambios que sobre o ambiente e a vida das persoas introduciron as novas actividades económicas, as diferenças que ainda persisten nas formas de vida entre un medio rural e un medio urbano e entre uns países e outros, e a necesidade de superar as desigualdades que o acceso a bens e servizos provocan.

5. Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións do concello, das comunidades autónomas, do Estado español e da Unión Europea, valorando o interese da xestión dos servizos públicos para a cidadanía e a importancia da participación democrática.

Este criterio permite avaliar os coñecementos que posúen acerca dos órganos de goberno das distintas instancias administrativas públicas, ben como se comprenden a importancia da calidade da xestión dos servizos públicos para a vida das persoas, pondo exemplos concretos.

6. Realizar, interpretar e utilizar planos e mapas tendo en conta os signos convencionais e a escala gráfica.

Este criterio avalia a competencia para realizar e interpretar representacións gráficas do espazo. Deberase avaliar a capacidade para obter información fornecida pola representación espacial (fotografía aérea, plano, mapa, ...), a partir da interpretación de detalles; e a capacidade para dar unha explicación global da finalidade e posibilidades de uso das representacións do espazo con que se traballa. Terase en conta a capacidade para explicar aos demás, oralmente e por escrito, as observacións e interpretacións do traballo con planos e mapas.

7. Identificar trazos significativos dos modos de vida da sociedade española nalgúnhas épocas pasadas -prehistoria, clásica, medieval, dos descubrimientos, do desenvolvemento industrial e século XX-, e situar feitos relevantes utilizando llinhas de tempo.

Neste criterio de avaliação tentándose comprobar se o alumnado reconoce determinados restos, usos, costumes, actividades, ferramentas, como indicadores de formas de vida características de determinadas épocas históricas concretas. Teranse en conta as reformas que se dan entre algúns feitos e a súa aparición no tempo, é dicir, o uso que se fai dos conceptos temporais de simultaneidade e sucesión, situándoos antes ou despois dunha época histórica concreta. Esta avaliação deberase realizar sobre os períodos históricos citados tendo en conta que a delimitación das etapas históricas da humanidade é o resultado dunha convención historiográfica e que, ainda que algúns poden comezar a ser conceptualizadas desde idades tempras, os criterios que delimitan outras, necesariamente as más próximas no tempo, resultan de difícil acceso para o alumnado de primaria.

Pois que non se pretende a mera asociación, non sería adecuado centrar a avaliação na adscrición de determinados trazos a unha determinada etapa histórica senón na explicación sínxela dalgúns aspectos da súa evolución e, en todo caso, no razoamento que podería levar á devandita adscrición.

8. Planificar e realizar sínxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son e saber comunicar os resultados.

Este criterio tenta avaliar a aptitude para realizar experiencias sínxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia: formulación de problemas, enunciación de hipóteses, selección do material necesario, montaxe, realización, extracción de conclusiones, comunicación de resultados, mostrando competencia en cada unha delas e na vetebración das partes, ben como no coñecemento das leis básicas que rexen estes fenómenos.

9. Planificar a construcción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, utilizando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, e realizarla, coa habilidade manual necesaria, combinando o traballo individual e en equipo.

Este criterio pretende avaliar a capacidade para planificar e realizar proxectos de construcción dalgún obxecto ou aparello. Avaliárase o coñecemento sobre as diferentes fontes enerxéticas ben como a capacidade para seleccionar unha delas pola súa idoneidade para o funcionamento dun aparello.

Valorarase tamén o coñecemento dos distintos operadores (roda, freo, interruptor, biela, engranaxe, resorte, polea, etc.), ben como se mostra unha actitude cooperativa e igualitaria no traballo en equipo, apreciando o coidoado pola seguranza propia e a dos demais.

10. Presentar un informe, utilizando soporte papel e dixital, sobre problemas ou situacións sínxelas, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet), seguindo un plan de traballo e expresando conclusións.

A partir deste criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado para solicitar, seleccionar e organizar información concreta e relevante, analizala, tirar conclusiones, comunicar a súa experiencia, reflexionar acerca do proceso seguido e comunicalo oralmente e por escrito. Será tamén obxecto de avaliación a consulta e utilización de documentos escritos, imágenes, gráficos e táboas estatísticas. Atenderase especialmente á presentación ordenada, clara e limpia, en soporte papel e dixital.

Educación artística

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no ámbito e na vida das persoas. Desde esta perspectiva, a área de educación artística ten o propósito de favorecer a percepción e a expresión estética do alumnado e de possibilitar a apropiación de contidos imprescindibles para a súa formación xeral e cultural.

A educación artística involucra o sensorial, o intelectual, o social, o emocional, o afectivo e o estético, desencadeando mecanismos que permiten desenvolver distintas e complejas capacidades cunha proxección educativa que inflúe directamente na formación integral do alumnado, xa que favorece o desenvolvemento da atención, estimula a percepción, a intelixencia e a memoria a curto e longo prazo, potencia a imaxinación e a creatividade e é unha vía para desenvolver o sentido da onde, a participación, a cooperación e a comunicación.

A área está integrada por dúas linguaixes, plástica e musical. Ambas se articulan, pola súa vez, en dous eixes, percepción e expresión. O primeiro inclúe todos aqueles aspectos relacionados co desenvolvemento de capacidades de recoñecemento sensorial, visual, auditivo e corporal, que axudan a entender as distintas manifestacións artísticas, ben como o coñecemento e destrute de producións plásticas e musicais de diferentes características. O segundo refírese á expresión de ideas e sentimento mediante o coñecemento e a utilización de distintos códigos e técnicas artísticas.

Na área, a percepción refírese á observación dos elementos propios da linguaixa plástica e á audición musical. A observación debe centrar na interpretación, indagación e análise do ámbito natural e da actividad e creación humanas, entendida esta última como xeradora de obxectos e elementos presentes no cotián e de representación puramente artística. Pola súa banda, a audición centrarse no desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva, durante os procesos de interpretación e creación musical, ben como nos de audición de pezas musicais gravadas ou en vivo.

A expresión remite á exploración dos elementos propios da linguaixa plástica e visual, ao tratamento das materiais e ás diversas posibilidades de expresar o percibido e sentido, axustándose a unha planificación no proceso de elaboración. Tamén alude á interpretación musical desenvolvendo habilidades técnicas e capacidades vinculadas coa interpretación vocal e instrumental e coa expresión corporal e a danza. A través dunha ou outra linguaixa estimúlase a invención e a creación de distintas producións plásticas ou musicais.

Tanto a linguaixe plástica como a musical constitúen ámbitos artísticos específicos con características propias; no entanto, dado que a producción e a comprensión en ambas teñen aspectos comuns, nesta etapa fican incluídas nunha soa área para posibilitar un enfoque globalizado que teña en conta as estreitas conexións entre os distintos modos de expresión e representación artística. Por esta mesma razón, e a pesar da especial mención da música e a expresión plástica, dentro da área incorpóranse tamén contidos da danza e o teatro.

A partir dos dous grandes eixes en que se articula a área -percepción e expresión- distribuiríronse os contidos en catro bloques. O bloque 1, *Observación plástica* e o bloque 3, *Escoita* integran os

relativos á percepción para as linguaixes plástica e musical respectivamente. O bloque 2, *Expresión e creación plástica* e o bloque 4, *Interpretación e creación musical* inclúen os contidos relacionados coa expresión en ambas as linguaixes.

Esta distribución de contidos arredor de dous eixes ten a finalidade de organizar os coñecementos de forma coherente. Non existe, por tanto, prioridade dun sobre o outro, nin exixencia pola cal se deba partir preferentemente dun deles. A vinculación entre os contidos de ambos é sumamente estreita, razón pola cal algúns se inclúen tanto na percepción como na expresión, caso, por exemplo, da cor, o ritmo ou a forma.

Algo similar sucede cos bloques. Enmarcar os contidos en grupos diferenciados serve para definir con maior claraza que aprendizaxes básicas se deben abordar. Este xeito de estruturar o conxunto de contidos da área non supón que se deban desenvolver independentemente uns dos outros, o que fai de manifesto ao comprobar a relación que existe entre elles.

O bloque *Observación plástica* céntrase na interpretación, indagación e análise do ámbito natural e da actividad e creación humanas. Abórdanse cuestións espaciais e outras relativas á interpretación do significado das imaxes e á análise das mensaxes iconícas. Estes mesmos contidos, centrados na percepción, nutren o bloque *Expresión e creación plástica*, no cal se contén a exploración dos elementos propios da linguaixa plástica e visual, e o tratamento dos materiais, e se exponen diversas posibilidades de expresión o percibido, axustándose a unha planificación no proceso de elaboración.

No bloque *Escoita*, os contidos céntanse no desenvolvemento de capacidades de discriminación auditiva e de audición comprensiva, en canto en *Interpretación e creación musical* se aborda o desenvolvemento de habilidades técnicas e capacidades vinculadas coa interpretación e se estimula a inventiva a través de improvisación e a creación de distintas producións musicais resultantes da exploración, a selección e a combinación de movementos e sons. Os elementos da música e os seus referentes culturais nunca se disocian dela e, por tanto, están implicitos no repertorio usado nos distintos bloques. Por iso, tanto os contidos da linguaixa musical como os referidos á música como expresión cultural se acham de forma transversal nos dous bloques.

En conxunto, a educación artística en primaria debe permitir ao alumnado percibir e interactuar cos elementos visuais e sonoros da realidade que o rodea. Xorde así a necesidade de abordar os conceptos, os procedementos e as actitudes desde unha perspectiva integrada e non desarticulada. Para facilitar este proceso, na maior parte dos procedementos fican explícitos os conceptos e as actitudes.

Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas

A área de educación artística contribúe á adquisición de distintas competencias básicas. A competencia cultural e artística faiño directamente en todos os aspectos que a configuran. Nesta etapa pon a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios, axudando ao alumnado a se iniciar na percepción e a comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demás. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaixes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito más próximo como doutros pobo, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentadas no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cois produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de lecer.

Ao facer da exploración e a indagación os mecanismos apropiados para definir posibilidades, buscar soluciones e adquirir coñecementos, promóvese de forma relevante a autonomía e iniciativa persoal. O proceso que leva o neno desde a exploración inicial até o produto final require dunha planificación previa e demanda un esforzo por alinhar resultados orixinais, non estereotipados. Por outra banda, exige a escola de recursos tendo presente a intención expresiva do producto que se deseja lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo, se for preciso. A creatividade exige actuar con autonomía, por en marcha iniciativas, barrallar posibilidades e solucións diversas. O

proceso non só contribúe á orixinalidade, á procura de formas innovadoras, senón que tamén xera Área é tamén un bo vehículo para o desenvolvemento da *competencia social e cidadá*. No ámbito da educación artística, a interpretación e a creación suponen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. Esta circunstancia exixe cooperación, asunción de responsabilidades, seguimento de normas e instruccións, coñado e conservación de materiais e instrumentos, aplicación de técnicas concretas e utilización de espazos de xeito apropiado. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na exixencia que ten a realización en grupo e na satisfacción que proporciona un produto que é fruto do esforzo común. En definitiva, expresarse buscando o acordo pon en marcha actitudes de respecto, aceptación e entendemento, o que sitúa a área como un bo vehículo para o desenvolvemento desta competencia.

No que se refire á *competencia no coñecemento e interacción co mundo físico*, a área contribúe á apreciación do ambiente a través do traballo perceptivo con sons, formas, cores, liñas, texturas, luz ou movemento presentes nos espazos naturais e nas obras e realizacións humanas. A área sérvese do medio como pretexto para a creación artística, explórao, manipúlalo e incorpóralo, recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione desfrute e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Así mesmo, ten en conta outra dimensión igualmente importante, a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación sonora ou as solucións estéticas pouco afortunadas de espazos, obxectos ou edificios, axudando aos nenos e as nenas a tomar conscientia da importancia de contribuír a preservar un ámbito físico agradable e saudable.

Á *competencia para aprender a aprender* contribúe na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecimentos adquiridos doten os nenos e as nenas dunha bagaxe suficiente para utilizarlos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación suscita a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender a proporcionar procedementos de indagación e planificación de procesos susceptibles de seren utilizados noutras aprendizaxes.

Á *competencia en comunicación lingüística* pódese contribuir, como desde todas as áreas, a través da riqueza dos intercambios comunicativos que se xeran, do uso das normas que os rexen, da explicación dos procesos que se desenvolven e do vocabulario específico que a área fornece. De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese, así mesmo, esta competencia na descripción de procesos de traballo, na argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artística.

Ao *tratamento da información e a competencial dixital* contribúe a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para aproximar o alumnado á creación de producções artísticas e á análise da imaxe e o son e das mensaxes que estes transmiten. Tamén se desenvolve a competencia na procura de información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e disfrute, para seleccionar e intercambiar informacions referidas a ámbitos culturais do pasado e do presente, próximos ou doutros pobos. Ainda que en menor medida, a área contribúe ao desenvolvemento da *competencia matemática* ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naqueles ocasións en que se precisan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, cando en música se traballan o ritmo ou as escallas, estase a facer unha contribución ao desenvolvemento da competencia matemática.

O ensino da educación artística nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Indagar nas posibilidades do son, a imaxe e o movemento como elementos de representación e comunicación e utilizalas para expresar ideas e sentimientos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación cos demais.
2. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaixes artísticas para utilizarlos con fins expresivos e comunicativos.
3. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e a análise de situacións e obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e a cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.
4. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaginación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e gozar de diferentes producções artísticas.
5. Coñecer algunas das posibilidades dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación en que intervienen a imaxe e o son, e utilizarlos como recursos para a observación, a procura de información e a elaboración de producções propias, xa de forma autónoma xa en combinación con outros medios e materiais.
6. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo ámbito.
7. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa producción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.
8. Realizar producções artísticas de forma cooperativa, assumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un producto final satisfactorio.
9. Coñecer algunas das profesions dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo dos artistas e gozando como público na observación das suas producções.

Bloque 1. Observación plástica

- Primeiro ciclo*
- Contidos*

- Observación e exploración sensorial dos elementos presentes no ambiente natural, artificial e artístico.
- Descripción verbal de sensacións e observacións.
- Comentario de obras plásticas e visuais presentes no contorno e en exposicións ou museos.
- Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contorno.
- Coñecemento e observancia das normas de comportamento en exposicións.
- Descripción de imaxes presentes en contextos próximos.
- Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.
- Observación de diferentes maneiras de presentar o espazo.

Bloque 2. Expresión e creación plástica

- Experimentación das posibilidades expresivas do trazo espontáneo e con intención, das liñas que delimitan contornos e do espazo que define a forma.

- Experimentación de mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre soportes diversos.
 - Procura sensorial de texturas naturais e artificiais e das calidades e posibilidades de materiais orgánicos e inorgánicos.
 - Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, volumes, etc.
 - Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso en representacións teatrais.
 - Composicións plásticas utilizando fotografías.
 - Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.
 - Desfrute na manipulación e exploración de materiais.
 - Uso progresivo e adecuado de termos referidos a materiais, instrumentos ou aspectos da composición artística.
 - Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.
- Bloque 3. Escuta**
- Identificación e representación corporal das calidades de sons do contorno natural e social.
 - Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais breves de distintos estilos e culturas.
 - Reconhecemento visual e auditivo dealgúns instrumentos musicais e identificación de voces femininas, masculinas e infantís.
 - Identificación da repetición (AA) e o contraste (AB) en cancións e obras musicais.
 - Curiosidade por descubrir sons do contorno e desfrute coa audición de obras musicais de distintos estilos e culturas.
 - Conocemento e observancia das normas de comportamento en audições e outras representacións musicais.
- Bloque 4. Interpretación e creación musical**
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, o corpo e os obxectos.
 - Interpretación e memorización de fórmulas repetitivas e cancións ao unisono.
 - Utilización da voz, a percusión corporal e os instrumentos como recursos para o acompañamento de textos recitados, cancións e danzas.
 - Práctica de técnicas básicas do movemento e xogos motores acompañados de secuencias sonoras, e interpretación de danzas sinxelas.
 - Lectura de partituras sinxelas con grafías non convencionais.
 - Desfrute coa expresión vocal, instrumental e corporal.
 - Improvisación de esquemas ritmicos e melódicos de catro tempos.
 - Improvisación de movementos como resposta a diferentes estímulos sonoros.
 - Selección de sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves.
 - Confianza nas propias posibilidades de producción musical.

- Criterios de avaliación**
1. Describir calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contorno natural e artificial.
 - Este criterio tenta comprobar se, despois de realizar unha manipulación e exploración sensorial de materiais, obxectos e instrumentos, son capaces de dar nome ás suas principais características e calidades (forma, cor, peso, textura, altura, intensidade, timbre, duración), verbalizar as súas impresións e describir o descuberto.
 2. Usar termos sinxelos para comentar as obras plásticas e musicais observadas e escollidas.
 - Este criterio pretende valorar a capacidade para identificar e describir algunhas das características más evidentes en distintas obras plásticas e musicais e para expresar as ideas e sentimentos que suscitan.
 3. Identificar e expresar a través de diferentes linguaixes algúns dos elementos (timbre, velocidade, intensidade, carácter) dunha obra musical.
 - Con este criterio tentase comprobar se reconñecen nunha obra musical algúns dos contidos traballados na aula (tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, etcétera) e representalo a través do movemento, a elaboración de debuxos ou a linguaixa verbal.
 4. Reproducir esquemas ritmicos e melódicos coa voz, o corpo e os instrumentos e patróns de movemento.
 - Con este criterio valorábase a capacidade de atención e retención a curto prazo de mensaxes sonoras e corporais e a utilización das técnicas necesarias para a súa interpretación.
 5. Seleccionar e combinar sons producidos pola voz, o corpo, os obxectos e os instrumentos para sonorizar relatos ou imaxes.
 - Trátase de comprobar se son capaces de usar os datos obtidos na exploración sonora para recrear con sons unha imaxe ou situación seleccionando os sons más adecuados e combinándoo de forma apropiada para lograr o efecto deseñado.
 6. Identificar diferentes formas de representación do espazo.
 - Con este criterio comprobarase se interiorizou que o espazo (exploración en percorridos, apreciación de distancias, comprobación da situación de obxectos ou persoas desde distintas posicións) pode ser representado e reconñecen que as diversas formas que se utilizan están ligadas a necesidades de comunicación e información.
 7. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.
 - Trátase de comprobar, no contexto dunha expresión espontánea, o interese e a curiosidade que manifestan por incorporar ás súas producións o percibido na exploración sensorial de materiais, obxectos e instrumentos e na observación efectuada de imaxes do seu ámbito próximo.
 8. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.
 - Con este criterio atenderase a comprobar se, nun clima de confianza acerca das súas posibilidades de creación, se serven da representación plástica para plasmar as súas vivencias, supostos ideais ou situacións da vida cotiá e se niso comezan a percibir que a elaboración plástica lles é útil quer para expresarse quer para comunicarse cos demás.
- Segundo ciclo**
- Contidos**
- Clasificación de texturas e tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.

Bloque 1. Observación plástica

- Clasificación de texturas e tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.

- Establecemento dunha orde ou pauta para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita.
- Observación dos materiais empregados nas obras plásticas.
- Respeito e cuidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producções propias e das dos demás.
- Interese por buscar información sobre producções artísticas e por comentá-las.
- Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciaciós obtidas.
- Observación de elementos do ámbito para o estudo das escaldas e proporcionás entre os obxectos.
- Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo.
- Bloque 2. Expressión e creación plástica
 - Experimentación con línhas diversas e formas en diferentes posiciós.
 - Procura das posibilidades da cor en contrastes, variaciós e combinaciós, apreciando os resultados sobre diferentes soportes.
 - Indagación sobre as calidades dos materiais, tratamentos non convencionais destes e uso que se pode facer das texturas na representación.
 - Elaboración de imaxes utilizando técnicas e recursos diversos.
 - Construción de estruturas sinxelas ou creacións plásticas para a representación teatral.
 - Realización de fotografías: enfoque e planos.
 - Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producções artísticas.
 - Aplicación, en producções propias, de aspectos observados en obras artísticas.
 - Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimientos e ideas
 - Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencions previstas, seleccionando apropiadamente os materiais segundo as súas posibilidades plásticas, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, assumindo as tarefas e respectando as normas que, se for o caso, o grupo estableza.
- Bloque 3. Escucha
 - Discriminación auditiva, denominación e representación gráfica das calidades dos sons.
 - Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas e recoñecemento dealgúns trazos característicos.
 - Recoñecemento visual e auditivo e clasificación por familias dalgúns instrumentos da orquestra, da música popular e da doutras culturas, e identificación de distintas agrupacions vocais.
 - Identificación de frases musicais e de partes que se repiten, contrastan e retornan.
 - Comentario e valoración de concertos e representacións musicais.
 - Interese polo descubrimento de obras musicais de distintas características.
- Actitude atenta e silenciosa e respecto ás normas de comportamento durante a audición de música.
- Bloque 4. Interpretación e creación musical
 - Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, o corpo, os obxectos e os instrumentos.
 - Hábitos de cordado da voz, o corpo e os instrumentos.
 - Interpretación e memorización de cancions ao unisono, canons e pezas instrumentais sinxelas.
 - Coordinación e sincronización individual e colectiva na interpretación vocal ou instrumental.
 - Memorización e interpretación de danzas e secuencias de movementos fixados e inventados.
 - Lectura e interpretación de cancions e pezas instrumentais sinxelas con distintos tipos de grafías.
 - Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e creación.
 - Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas.
 - Creación de acompañamentos para cancions e pezas instrumentais.
 - Creación de pezas musicais a partir da combinación de elementos dados.
 - Invención de coreografías para cancions e pezas musicais breves.
 - Criterios de avaliación
 1. Describir as características de elementos presentes no contorno e as sensaciós que as obras artísticas provocan.

Quérense comprobar con este criterio se son capaces de mostrar os coñecementos adquiridos na observación por medio de descripcións e informacións relevantes sobre elementos da linguaaxe visual e musical presentes nas manifestacións artísticas e no contorno e de expresar oralmente as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico.

 2. Usar adecuadamente algúns dos termos propios da linguaaxe plástica e musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descripción de procesos e argumentacións.

Trátase de comprobar se o alumnado incorporou algúns dos termos técnicos propios das linguaaxes artísticas nas súas explicacións e descripcións, se os emprega nas situacións apropiadas e se pode trasladar eses coñecementos a outros contextos en que le poden ser útiles.

 3. Utilizar distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.

Este criterio permite avaliar se son capaces de establecer unha relación entre o que ouven e o representado en musicogramas ou partituras sinxelas con distintos tipos de grafías, ben como de representar graficamente (mediante debuxos ou utilizando signos gráficos que coñecen ou inventan) os trazos característicos da música escoutada.

 4. Memorizar e interpretar un repertorio básico de cancions, pezas instrumentais e danzas.

A través deste criterio preténdese valorar en que medida o alumnado memorizou e é capaz de lembrar algunhas das cancions, pezas instrumentais e danzas aprendidas por imitación no contexto da aula.

 5. Explorar, seleccionar, combinar e organizar ideas musicais dentro de estruturas musicais sinxelas.

Con este criterio téntase valorar se son capaces de seguir un proceso ordenado e de utilizar criterios adecuados para crear unha peza musical a partir da selección, combinación e organización dunha serie de elementos dados.

6. Interpretar o contido de imaxes e representacións do espazo presentes no ámbito.

Trátase de comprobar se o alumnado pode explicar a información que conteñen os sinais, os signos, os símbolos e os tipos de planos que se utilizan máis habitualmente no seu medio, a relación que existe entre as davanidas representacións e a función expresiva, comunicativa ou informativa que as caracteriza, coa finalidade de elaborar mensaxes propias que transmitan unha información básica.

7. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.

Trátase de comprobar se na observación e manipulación de materiais olvidaron datos suficientes para establecer algúns pauta sobre as súas características, se poden especificárlas e organizar clasificacións elementais, ben por semellanza ben por oposición.

8. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados ao produto artístico que se pretende.

Con ese criterio quérrese comprobar se son capaces de servirse dos datos obtidos na exploración de instrumentos, técnicas e materiais para realizar unha obra persoal, non estereotipada. Valorarase a diversidade de solucións dadas en diferentes contextos, a variedade de soportes utilizados e a orixinalidade no uso dos materiais, ben como a intención en función do destinatario a que se dirixa.

Terceiro ciclo

Confidás

Bloque 1. Observación plástica

- Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais e das estruturas xeométricas.
- Elaboración de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, calidades e características notórias e sutís de elementos naturais e artificiais.
- Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.
- Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanas representativas da expresión cultural das sociedades.
- Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.
- Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e comunicación.
- Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.
- Comparación entre as formas que a representación do espazo adopta en diferentes árees ou ámbitos.

Bloque 2. Expresión e creación plástica

- Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas segundo a súa forma, dirección e situación no espazo.
- Aplicación de cores complementarias, opostas e tonalidades de forma intencionada.
- Exploración das mudanzas que experimentan os volumes e espazos pola incidencia da luz.

Manipulación de materiais para concretar a súa adecuación ao contido para o cal se proponen e interese por aplicar ás representacións plásticas os achados obtidos.

Uso de texturas para caracterizar obxectos e imaxes.

- Elaboración de obras utilizando técnicas mixtas.
- Construcción de estruturas e transformación de espazos usando nocións métricas e de perspectiva.
- Creación de ambientes para a representación teatral.
- Emprego de tecnoloxías da información e a comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados.
- Composición de pezas recreando aspectos de obras artísticas analizadas.
- Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis ou guías.
- Disposición á orixinalidade, espontaneidade, plasmación de ideas, sentimentos e vivencias de forma persoal e autónoma na creación dunha obra artística.
- Constancia e exixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo, establecendo momentos de revisión, respectando as contribucións dos demás e resolvendo as discrepancias con argumentos.

Bloque 3. Escucha

- Audición activa e comentario de músicas de distintos estilos e culturas, do pasado e do presente, usadas en diferentes contextos.
- Reconocemento e clasificación de instrumentos acústicos e electrónicos, de diferentes rexistros da voz e das agrupacións vocais e instrumentais más comuns na audición de pezas musicais.
- Identificación de formas musicais con repeticións iguais e temas con variacións.
- Gravación da música interpretada na aula.
- Busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositores intérpretes e eventos musicais.
- Comentario e valoración de concertos e representacións musicais.
- Valoración e interesse pola música de diferentes épocas e culturas.
- Identificación de agresións acústicas e contribución activa á súa diminución e ao benestar persoal e colectivo.

Bloque 4. Interpretación e creación musical

- Exploración das posibilidades sonoras e expresivas de diferentes instrumentos e dispositivos electrónicos ao servizo da interpretación musical.
- Interpretación de pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas e culturas para distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Realización de movementos fixados e inventados utilizando estímulos visuais, verbais, sonoros e musicais.
- Interpretación de danzas e de coreografías en grupo.
- Lectura e interpretación de cancións e pezas instrumentais en grao crecente de dificultade.

- Asunción de responsabilidades na interpretación en grupo e respecto ás achegas dos demás e á persoa que asuma a dirección.
 - Improvisación vocal, instrumental e corporal en resposta a estímulos musicais e extra musicais.
 - Creación de introducóns, interludios e codas e de acompañamentos para cancións e pezas instrumentais.
 - Utilización de medios audiovisuais e recursos informáticos para a creación de pezas musicais e para a sonorización de imaxes e de representacións dramáticas.
 - Invención de coreografías para cancións e pezas musicais de diferentes estilos.
 - Utilización de diferentes grafías (convencionais e non convencionais) para rexistar e conservar a música inventada.
 - Actitude de constancia e de progresiva exixencia na realización de producións musicais.
- Criterios de avaliación**
1. Buscar, seleccionar e organizar informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas, de acontecementos, creadores e profesionais relacionados coas artes plásticas e a música.
 2. Formular opinións acerca das manifestacións artísticas a que se accede demostrando o coñecemento que se ten delas e unha inclinación persoal para satisfacer o disfrute e pasar o tempo de lecer.
 3. Recofecer músicas do medio social e cultural propio e doutras épocas e culturas.
 4. Axustar a propia acción á dos outros membros do grupo na interpretación de pezas musicais a dúas ou máis partes e de danzas.
 5. Rexistrar a música creada utilizando distintos tipos de grafías.
- Este criterio tenta comprobar as relacións que o alumnado establece entre son e símbolo e a súa capacidade para representar gráficamente os sons dunha obra musical inventada no contexto da aúa. Non se pretende que os signos elixidos sexan exactos (especialmente no caso da notación tradicional), senón de que constitúan unha guía eficaz e funcional para poder lembrar e reconstruir a música creada.
- Este criterio preténdese avaliar se coñecen e son capaces de nomear e describir algúns dos trazos característicos de exemplares de obras musicais de diferentes épocas e culturas.
- Este criterio tenta comprobar as relacións que o alumnado establece entre son e símbolo e a súa capacidade para representar gráficamente os sons dunha obra musical inventada no contexto da aúa. Non se pretende que os signos elixidos sexan exactos (especialmente no caso da notación tradicional), senón de que constitúan unha guía eficaz e funcional para poder lembrar e reconstruir a música creada.
6. Realizar representacións plásticas de forma cooperativa que impliquen organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas.

- Trátase de avaliar a flexibilidade nos argumentos e a disposición a assumir outras opinións na realización dunha obra en grupo en que se comprobará se alumnas aplican os coñecementos adquiridos sobre a distribución dos elementos plásticos da composición e se o aprendido sobre o comportamento dos materiais lles permite utilizarlos coa técnica adecuada.
7. Comprobar as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.
- Con este criterio avaliárase a disposición a experimentar e indagar sobre os elementos da linguaxe plástica, as transformacións que estes experimentan segundo a manipulación que se faga deles e os resultados que se obtén cando son tratados nun soporte ou outro. Servirá tamén para comprobar se se interiorizaron aprendizaxes sobre o tratamento dos materiais e o uso que se lle pode dar á forma, á cor e á textura.
8. Representar de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.
- Con este criterio avaliárase a capacidade de autonomía e de expresión con que afrontan a realización plástica, o grao de desenvolvemento da capacidade creadora e imaginativa ao combinar, suprimir ou transformar os elementos artísticos dunha produción e a súa capacidade de representar situacións vinculadas á súa experiencia persoal.
9. Utilizar de maneira adecuada distintas tecnoloxías da información e a comunicación para a creación de producións plásticas e musicais sinxelas.
- Trátase de comprobar o grao de autonomía atinxido polo alumnado para utilizar algunas aplicacións básicas no tratamento da imaxe e o son e na creación de producións propias.
- Educación física**
- Esta área, que ten no corpo e na motricidade humana os elementos esenciais da súa acción educativa orientase, en primeiro lugar, ao desenvolvemento das capacidades vinculadas á actividad motriz e á adquisición de elementos de cultura corporal que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida.
- Non obstante, o currículo da área vai além da adquisición e o perfeccionamento das conductas motrices. A área de educación física mostra sensible aos acelerados cambios que experimenta a sociedade e pretende dar resposta, a través das suas intencións educativas, a aquellas necesidades, individuais e colectivas que condúzan ao benestar persoal e a promover unha vida saudable, lonxe de estereotipos e discriminacións de calquera clase.
- O ensino da educación física nestas idades debe fomentar especialmente a adquisición de capacidades que permitan reflexionar sobre o sentido e os efectos da actividad física e, asemade, asumir actitudes e valores adecuados con referencia á xestión do corpo e da conducta motriz. Neste sentido, a área orientase a crear hábitos de práctica saudable, regular e continuada ao longo da vida, ben como a sentirse ben co propio corpo, o que constitúe unha válloso axuda na mellora da autoestima. Por outra banda, a inclusión da vertente lúdica e de experimentación de novas posibilidades motrices pode contribuir a establecer as bases dunha adecuada educación para o lecer.
- As relacións interpersonais que se xeran arredor da actividad física permiten incidir na asunción de valores como o respeito, a aceptación ou a cooperación, transferibles ao traballo cotián, coa vontade de encamínar o alumnado a establecer relacións constitutivas coas demás persoas en situacións de igualdade. Do mesmo xeito, as posibilidades expresivas do corpo e da actividad motriz, potencian a creatividade e o uso de linguaixes corporais para transmitir sentimientos e emocións que humanizan o contacto persoal.
- Da grande variedade de formas culturais en que derivou a motricidade, o deporte é unha das más aceptadas e difundidas no noso medio social, ainda que as actividades expresivas, os xogos e os bailes tradicionais seguen gozando dun importante recoñecemento. Con iso, a complexidade do fenómeno deportivo exixe no currículo unha selección daqueles aspectos que motiven e contribúan á

formación do alumnado, tanto desde a perspectiva do espectador como desde a dos que os practican.

A estruturación dos contidos reflicte cada un dos eixes que dan sentido á Educación física no ensino primario: o desenvolvemento das capacidades cognitivas, físicas, emocionais e relacionals vinculadas á motricidade; a adquisición de formas sociais e culturais da motricidade; e a educación en valores e a educación para a saúde.

Con base neste enfoque, a área estrutouse en cinco bloques. O desenvolvemento das capacidades vinculadas á motricidade abórdase prioritariamente nos tres primeiros bloques, os bloques terceiro e quinto relacionáñanse más directamente coa adquisición de formas culturais da motricidade, en canto a educación para a saúde e a educación en valores teñen grande afinidade cos bloques cuarto e quinto, respectivamente.

O bloque 1, *O corpo: imaxe e percepción*, corresponde aos contidos que permiten o desenvolvemento das capacidades perceptivo-motrices. Está especialmente dirixido a adquirir un coñecemento e un control do propio corpo que resulta determinante tanto para o desenvolvemento da propia imaxe corporal como para a adquisición de posteriores aprendizaxes motrices. O bloque 2, *Habilidades motrices*, reúne aqueles contidos que permiten ao alumnado moverse con eficacia. Veranse implicadas por tanto adquisiciones relativas ao dominio e control motor. Destacan os contidos que facilitan a toma de decisións para a adaptación do movemento.

No bloque 3, *Actividades artístico-expresivas*, áchanse incorporados os contidos dirixidos a fomentar a expresividade a través do corpo e o movemento. A comunicación a través da linguaaxe corporal tívose tamén en conta neste bloque.

O bloque 4, *Actividade física e saúde*, está constituído por aqueles coñecementos necesarios para que a actividade física resulte saudable. Ademais, incorporáronse contidos para a adquisición de hábitos de actividade física ao longo da vida, como fonte de benestar. A influencia dun bloque que reúne os contidos relativos á saúde corporal desde a perspectiva da actividade física tenciona resaltar a necesaria adquisición dunhas aprendizaxes que obviamente se inclúen transversalmente en todos os bloques.

Finalmente, o bloque 5, *Xogos e actividades deportivas*, presenta contidos relativos ao xogo e ás actividades deportivas entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. Independentemente de que o xogo poida ser utilizado como estratexia metodolóxica, tamén se fai necesaria a súa consideración como contido polo seu valor antropolóxico e cultural. Por outro lado, a importancia que, neste tipo de contidos, adquieren os aspectos de relación interpersonal fai destacable aquí a proposta de actitudes dirixidas á solidariedade, á cooperación e ao respecto polas demais persoas.

Os diferentes bloques, cuxa finalidade non é outra que a de estruturar os coñecementos da educación física seleccionados para esta etapa educativa, presentan de forma integrada conceptos, procedementos e actitudes. Cabe destacar que establecer unha prioridade de contidos en educación física require respectar a dobre polarización entre contidos procedimentais e actitudinais. Os primeiros permitirán a nenos e nenas sentirse competentes no plano motor. Os segundos permitiranles afrontar, desde unha perspectiva ética, as numerosas e complexas situacións que envolven a actividade física e deportiva, ben como as relativas á cultura corporal. Por outra banda, a adquisición de conceptos, áinda estando subordinada aos anteriores tipos de contidos, facilitará a comprensión da realidade corporal e do medio físico e social.

Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas

A área de educación física contribúe esencialmente ao desenvolvemento da competencia *coñecemento e a interacción co mundo físico*, mediante a percepción e interacción apropiada do propio corpo, en movemento ou en repouso, nun espazo determinado mellorando as súas posibilidades motrices. Contribúese tamén mediante o coñecemento, a práctica e a valoración da actividade física como elemento indispensábel para preservar a saúde. Esta área é chave para que nenos e nenas adquieran hábitos saudables e de mellora e mantenimento da condición física que os acompañen durante a escolaridade e, o que é máis importante, ao longo da vida.

Na sociedade actual, que prograsa cara á optimización do esforzo intelectual e físico, faise imprescindible a práctica da actividade física, pero sobre todo a súa aprendizaxe e valoración como medio de equilibrio psicosfísico, como factor de prevención de riscos derivados do sedentarismo e, tamén, como alternativa de ocupación do tempo de lecer.

Así mesmo, a área contribúe de forma esencial ao desenvolvemento da competencia social e cidadá. As características da educación física, sobre todo as relativas ao medio en que se desenvolve e á dinámica das clases, fana propicia para a educación de habilidades sociais, cando a intervención educativa incide neste aspecto. As actividades físicas e, en especial, as que se realizan colectivamente son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración e o respecto, á vez que contribúen ao desenvolvemento da cooperación e a solidariedade.

A educación física axuda a aprender a convivir, fundamentalmente no que se refire á elaboración e aceptación de reglas para o funcionamento colectivo, con respecto pola autonomía persoal, a participación e a valoración da diversidade. As actividades dirixidas á adquisición das habilidades motrices requieren a capacidade de asumir as diferenzas ben como as posibilidades e limitacións propias e alleas. O cumprimento das normas que rexen os xogos colabora na aceptación de códigos de conducta para a convivencia. As actividades físicas competitivas poden xerar conflitos en que é necesaria a negociación, baseada no diálogo, como medio para a súa resolución. Finalmente, cabe destacar que se contribúe a conferir a riñequenza cultural, mediante a práctica de diferentes xogos e danzas.

Esta área contribúe nalgunha medida á adquisición da competencia *cultural e artística*. Á expresión de ideas ou sentimientos de forma creativa contribúe mediante a exploración e utilización das posibilidades e recursos do corpo e do movemento. Á apreciación e comprensión do feito cultural, e á valoración da súa diversidade, faino mediante o recoñecemento e a apreciación das manifestacións culturais específicas da motricidade humana, tales como os deportes, os xogos tradicionais, as actividades expresivas ou a danza e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

Noutro sentido, a área favorece unha aproximación ao fenómeno deportivo como espectáculo mediante a análise e a reflexión crítica ante a violencia no deporte ou outras situacións contrarias á dignidade humana que nel se producen.

A educación física axuda á consecución da *autonomía e iniciativa persoal* xa que empraza o alumnado a tomar decisións con progresiva autonomía en situacións nas cales debe manifestar autosuperación, perseveranza e actitude positiva. Tamén o fai, se se lle dá protagonismo ao alumnado en aspectos de organización individual e colectiva das actividades físicas, deportivas e expresivas.

A área contribúe á competencia *de aprender a aprender* mediante o coñecemento de un mesmo e das propias posibilidades e carencias como punto de partida da aprendizaxe motriz desenvolviendo un repertorio variado que facilite a súa transferencia a tarefas motivicas más complejas. Iso permite o establecemento de metas alcanzables cuxa consecución xera autoconfianza. Ao mesmo tempo, os proxectos comuns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación.

Por outro lado, esta área colabora, desde idades temprás, á valoración crítica das mensaxes e estereotipos referidos ao corpo, procedentes dos medios de información e comunicación, que poden danar a propia imaxe corporal. Desde esta perspectiva contribúese en certa medida á competencia sobre o *tratamento da información e a competencia digital*.

A área tamén contribúe, como o resto das aprendizaxes, á adquisición da competencia *en comunicación lingüística*, ofrecendo gran variedade de intercambios comunicativos, do uso das normas que os rexen e do vocabulario específico que a área fomrece.

Obxectivos

O ensino da educación física nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Conferir e valorar o seu corpo e a actividade física como medio de exploración e desfrute das súas posibilidades motrices, de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo libre.
2. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo e as demais persoas e reconéctando os efectos do exercicio físico, da hixiene, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde.
3. Utilizar as súas capacidades físicas, habilidades motrices e o seu coñecemento da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.
4. Adquirir, escoller e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de forma eficaz e autónoma na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico-expresivas.
5. Regular e dosificar o esforzo, chegando a un nivel de autoexixencia acorde coas súas posibilidades e a natureza da tarefa.
6. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.
7. Participar en actividades físicas compartindo proxectos, establecendo relações de cooperación para alcanzar obxectivos comúns, resolvendo mediante o diálogo os conflictos que puidesen xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
8. Conferir e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, mostrando unha actitude crítica tanto desde a perspectiva do participante como do espectador.
- Primeiro ciclo*
- Confididos*
- Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción
- Posibilidades sensoriais. Exploración e discriminación das sensacións.
 - Toma de consciencia do propio corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
 - Experimentación de posturas corporais diferentes.
 - Afirmación da lateralidade.
- Bloque 2. Habilidades motrices
- Experimentación de situacions de equilibrio e desequilibrio.
 - Nocións asociadas a relacions espaciais e temporais. Percepción espacio-temporal.
 - Aceptación da propia realidade corporal.
- Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas
- Descubrimento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.
 - Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas ritmicas sinxelas.
- Exteriorización de emocions e sentimientos a través do corpo, o xestío e o movemento, con desinhibición.
- Imitación de personaxes, obxectos e situacións.
- Desfrute mediante a expresión a través do propio corpo.
- Posibilidades expresivas con obxectos e materiais.
- Participación en situacións que supoñan comunicación corporal. Reconocemento e respecto polas diferenzas no modo de expresarse.
- Bloque 4. Actividade física e saúde**
- Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal, alimentarios e posturais relacionados coa actividad física.
 - Relación da actividad física co benestar.
 - Respeito polas normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física.
 - Mobilidade corporal orientada á saude.
 - Respecto polas normas de uso de materiais e espazos na práctica de actividade física.
- Bloque 5. Xogos e actividades deportivas**
- O xogo como actividad común a todas as culturas. Realización de xogos libres e organizados.
 - Descubrimento da cooperación e a oposición con relación ás regras de xogo. Aceptación de distintos papeis no xogo.
 - Reconocemento e valoración das persoas que participan no xogo.
 - Compresión e cumplimento das normas de xogo.
 - Confianza nas propias posibilidades e esforzo persoal nos xogos.
 - Valoración do xogo como medio de desfrute e de relación cos demás.
- Criterios de avaliación*
1. Reaccionar corporalmente ante estímulos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características dos devanditos estímulos.
- Este criterio pretende avaliar a resposta discriminada a estímulos que poden condicionar a acción motriz. Comprobarase que saibam reconñecer obxectos e texturas habituais co tacto, que poidan describir e identificar a procedencia de sons cotiáns, ben como seguir e interpretar as traxectorias de obxectos e móbiles. Tamén se availará a capacidade de lembrar experiencias auditivas e visuais cando desapareceu o estímulo, é dicir, a memoria auditiva e visual.
2. Desprazarse e saltar de forma diversa, variando puntos de apoio, amplitudes e frecuencias, con coordinación e boa orientación no espazo.
- Con este criterio availíase a capacidade de desprazarse e saltar de formas diferentes e orientándose en espazos dun ámbito próximo. Terase en conta a disponibilidade do alumnado de explorar as súas posibilidades variando as posicións corporais e a dirección e sentido dos desprazamentos. Prestarase especial atención á capacidade de adaptar os desprazamentos e saltos ás condicións dos xogos e outras situacións motrices.
3. Realizar lanzamentos e recepcións e outras habilidades que impliquen manexo de obxectos, con coordinación dos segmentos corporais e situando o corpo de forma apropriada.
- Nas habilidades que implican manexo de obxectos é importante comprobar a coordinación no xesto e a utilización que se fai nas situacións de xogo. Tamén é importante observar que o corpo se

coloque e se oriente de forma apropiada para facilitar o xesto. Non se inclúen aspectos relativos á forza e á precisión.

4. Equilibrar o corpo adoptando diferentes posturas, con control da tensión, a relaxación e a respiración.

O alumnado, neste ciclo, debe conseguir certo control do ton muscular e debe poder aplicar as tensiones necesarias nos diferentes segmentos corporais para equilibrarse. As posturas deberán diversificarse o que permitirá comprobar a reacción fronte aos diferentes estímulos que condicionan o equilibrio. Na availación non se debe de buscar a imitación de modelos, senón a iniciativa do alumnado de adoptar posturas diferentes.

5. Participar e gozar en xogos axustando a súa actuación, tanto no que se refire a aspectos motores como a aspectos de relación cos compañeiros e compañeiras.

Observárase a participación activa no xogo no que se refire aos desprazamentos, os cambios de dirección, a orientación no espazo, a discriminación de estímulos, etc. Sobre todo, teranse en conta aqueles aspectos que permiten a construcción de boas relacions con compañeiros e compañeiras como poden ser o respecto polas normas e a aceptación de distintos roles ben como a ausencia de discriminacións de calquera tipo entre as persoas participantes.

6. Reproducir corporalmente ou con instrumentos unha estrutura rítmica.

Trátase de comprobar se os alumnos e alumnas son capaces de reproducir unha estrutura rítmica sinxela. A reproducción pódese facer mediante o movemento corporal (desprazamentos, saltos, palmadas, golpes, balanceos, xiros) ou con instrumentos de percusión.

7. Simbolizar personaxes e situacions mediante o corpo e o movemento con desinhibición e soltura na actividade.

É importante que sexan capaces de experimentar co proprio corpo e tomar consciencia das súas posibilidades expresivas a través do xesto e o movemento. Valorárase a achega espontánea e o esforzo para encontrar novas formas expresivas que se afasten de situacións estereotipadas. Así mesmo, terase en conta o esforzo persoal para se implicar nas propostas e sentirse "dentro do personaxe", aceptando o papel que toque representar sen prejuízos de ningunha índole.

8. Mostrar interese por cumplir as normas referentes ao coidado do corpo con relación á hixiene e á conciencia do risco na actividade física.

A predisposición cara á adquisición de hábitos relacionados coa saúde e o benestar será o que guiará este criterio. Trátase de constatar se son conscientes da necesidade de se alimentar antes de realizar actividade física, de manter a hixiene do corpo, de utilizar un calzado adecuado, etc. e se manifestan certo grao de autonomía. Tamén é preciso que identifiquen e teñan presentes os riscos individuais e colectivos que van asociados a determinadas actividades físicas.

Segundo ciclo

Contidos

- Posibilidades perceptivas. Exploración das capacidades perceptivas e a súa relación co movemento.
- Descubrimento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Consciencia e control do corpo en relación coa tensión, a relaxación e a respiración.
- Representación do propio corpo e do dos demás.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices.
- Consolidación da lateralidade e a súa proxeción no espazo.

Equilibrio estático e dinámico

Organización espacio-temporal.

Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da das demais persoas.

Bloque 2. Habilidades motrices

- Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas.
- Utilización eficaz das habilidades básicas en medios e situacions estables e coñecidas.
- Control motor e dominio corporal.
- Mellora das calidades físicas básicas de forma xenérica e orientada á execución motriz.
- Interese por mellorar a competencia motriz.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas, aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.
- Adecuación do movemento a estruturas espaciotemporais e execución de bailes e coreografías simples.
- Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.
- Recreación de personaxes reais e ficticios e os seus contextos dramáticos.
- Utilización dos obxectos e materiais e as súas posibilidades na expresión.
- Desfrute mediante a expresión e comunicación a través do propio corpo.
- Participación en situacions que supoñan comunicación corporal. Valoración das diferenzas no modo de expresarse.

Bloque 4. Actividade física e saúde

- Adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividad física e consolidación de hábitos de hixiene corporal.
- Relación da actividad física coa saúde e o benestar. Reconecemento dos beneficios da actividad física na saúde. Mellora de forma xenérica da condición física orientada á saúde.
- Actitude favorable cara á actividad física con relación á saúde.
- Seguranza na propia práctica da actividad física. Quecemento, dosificación do esforzo e relaxación.

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción

- O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
- Participación en xogos e iniciación á práctica de actividades deportivas.
- Descubrimento das estratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.

Bloque 5. Xogos e actividades deportivas

- O xogo e o deporte como elementos da realidade social.
- Participación en xogos e iniciación á práctica de actividades deportivas.
- Descubrimento das estratexias básicas do xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.

- Respecto polas persoas que participan no xogo e rexertamento dos comportamentos antisociais.
- Comprensión, aceptación e cumplimento das normas do xogo e actitude responsable con relación ás estratexias establecidas.
- Valoración do xogo como medio de desfrute, de relación e de emprego do tempo de lecer e do esforzo nos xogos e actividades deportivas.

Criterios de avaliación

1. Desprazarse e saltar, combinando ambas as habilidades de forma coordinada e equilibrada, axustando os movementos corporais a diferentes cambios das condicións da actividade.
2. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles, sen perder o seu control, adecuando os movementos ás traxectorias.
3. Xirar sobre o eixe lonxitudinal e transversal, diversificando as posicións segmentarias e mellorando as respostas motrices nas prácticas corporais que o requiran.
4. Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para se opor a un ou varios adversarios nun xogo colectivo.
5. Participar do xogo e as actividades deportivas con coñecemento das normas e mostrando unha actitude de aceptación das demais persoas.
6. Propor estruturas rítmicas sínxelas e reproducillas corporalmente ou con instrumentos.

Con este criterio preténdese comprobar a coordinación nas habilidades que impliquen manexo de obxectos e a utilización que se fai nas situacións de xogo. Terase en conta a adegacación das traxectorias nos pases, lanzamentos, conducions e impactos. Observarase a orientación do corpo nas recepcións e paradas. Non se incluen aspectos relativos á forza.

Con relación aos xiros corporais, tentarase comprobar a capacidade que teñen de os utilizar nas actividades cotiás. Os xiros sobre o eixe lonxitudinal poderán estar asociados con desprazamentos e saltos, cambios de dirección e sentido. Na avaliación non se debe buscar a imitación de modelos preeterminados, senón o uso que se fai dos xiros para lograr mellores respostas motrices, evitando en todo momento o risco.

Este criterio pretende avaliar se son capaces de interaccionar adecuadamente en situacións de xogo, realizando accións de axuda entre os membros dun mesmo equipo. Tamén se debe observar se, en situacións de oposición, os xogadores e xogadoras ocupan posicións no terreo que faciliten o xogo, como por exemplo ocupar espazos libres ou orientarse na dirección do xogo.

A plena participación no xogo virá condicionada por un conxunto de habilidades motrices e sociais. Por un lado, observarase o grao de eficacia motriz e a capacidade de se esforzar e aproveitar a condición física para se implicar plenamente no xogo. Por outro, atenderase ás habilidades sociais (respectar as normas, ter en conta as demais persoas, evitar discriminacións e actitudes de rivalidade fundamentadas en estereotipos e prexulzos, etc.) que favorecen as boas relacións entre os participantes.

Con este criterio quérerase avaliar se os nenos e nenas son capaces de inventar e reproducir unha estrutura rítmica sínxela, ben pola combinación de elementos de estruturas que xa coñece, ben pola achega de elementos novos. A reproducción pode facerse mediante o movemento corporal (desprazamentos, saltos, palmadas, golpes, balances, xiros) ou con instrumentos de percusión.

- 7. Utilizar os recursos expresivos do corpo e implicarse no grupo para a comunicación de ideas, sentimentos e representación de personaxes e historias, reais ou imaxinarias.

A implicación do alumnado no seu grupo é importante na producción de pequenas secuencias expresivas. Con este criterio valorarase a predisposición ao diálogo e a responsabilidade na organización e a preparación da proposta creativa. Na posta en escena, observarase a producción de xestos significativos e tamén a capacidade para prestar atención á expresión dos demás, recibir a mensaxe e seguir a acción respectando o fío argumental.

- 8. Manter condutas activas accordance co valor do exercicio físico para a saúde, mostrando interese no cuidado do corpo.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado vai tomado consciencia dos efectos saudables da actividad física, o coñecido do corpo e as actitudes que permiten evitar os riscos innecesarios na práctica de xogos e actividades. Ademais, pretende valorar se se van desenvolvendo as capacidades físicas, a partir de sucesivas observacións que permitan comparar os resultados e observar os progresos, sen perder de vista que a intención vai encamiñada a manter unha boa condición física con relación á saúde.

Terceiro círculo

Contidos

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción

- Elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento.
- Consciencia e control do corpo en repouso e en movemento.
- Aplicación do control lóntico e da respiración ao control motor.
- Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices de forma económica e equilibrada.
- Utilización adecuada da discriminación selectiva de estímulos e da anticipación perceptiva.
- Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais non dominantes.

Bloque 2. Habilidades motrices

- Equilibrio estático e dinámico en situacións complexas.
- Estruturación espazo-temporal en accións e situacións motrices complexas.
- Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos demás, mostrando unha actitude crítica co modelo estético-corporal socialmente vixente.
- Adaptación da execución das habilidades motrices a contextos de práctica de complexidade crecente, con eficiencia e creatividade.
- Dominio motor e corporal partindo dun plan previo á acción.
- Acondicionamento físico orientado á mellora da execución das habilidades motrices.
- Valoración do traballo ben executado desde o punto de vista motor.
- Disposición favorable a participar en actividades diversas aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas

- O corpo e o movemento. Exploración e consciencia das posibilidades e recursos da lingua xe

- Composición de movementos a partir de estímulos ritmicos e musicais. Elaboración de bailes e coreografías simples.
- Expresión e comunicación de sentimientos e emocionas individuais e compartidas a través do corpo, o xesto e o movemento.

- Representacións e improvisacións artísticas coa linguaaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.
- Valoración dos usos expresivos e comunicativos do corpo.
- Participación e respecto ante situacións que supofian comunicación corporal.

Bloque 4. Actividade física e saúde

- Adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables e autonomía na hixiene corporal.
- Reconhecemento dos efectos beneficiosos da actividad física na saúde e identificación das prácticas pouco saudables.
- Mellora da condición física orientada á saúde.
- Prevención de lesións na actividad física. Quecemento, dosificación do esforzo e recuperación.
- Medidas de seguranza na práctica da actividad física, con relación ao contorno. Uso correcto e respectuoso de materiais e espazos.
- Valoración da actividad física para o mantemento e a mellora da saúde.

Bloque 5. Xogos e actividades deportivas

- O xogo e o deporte como fenómenos sociais e culturais.
- Tipos de xogos e actividades deportivas. Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e dificultade crecente.
- Uso adecuado das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación/oposición.
- Aceptación e respecto polas normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumplimento dun código de xogo limpo.
- Valoración do esforzo persoal e colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e prejuizos.
- Arecio do xogo e as actividades deportivas como medio de desfrute, de relación e de emprego satisfactorio do tempo de lecer.

Criterios de avaliación

1. Adaptar os desprazamentos e saltos a diferentes tipos de ámbitos que poidan ser descoñecidos e presenten certo grao de incerteza.
 2. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbilés, sen perder o control destes nos xogos e actividades motrices que o requiran, con axuste correcto á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.
- Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de resolver problemas motores ao adaptar as habilidades a novas condicións do contorno cada vez más complexas. Igualmente, avaliarse a capacidade de orientarse no espazo tomando puntos de referencia, interpretando mapas sínxelos para desprazarse dun lugar a outro, escollendo un camiño adecuado.

É preciso comprobar o dominio no manexo de obxectos, pero sobre todo a súa utilización en situacións de xogo, é dicir, tendo en conta os compañeiros de equipo e os oponentes. Por iso, é importante observar a orientación do corpo en función da dirección do móvil. Deberá terse en conta tamén a capacidade de anticipación a traxectorias e velocidades.

- 3. Actuar de forma coordinada e cooperativa para resolver retos ou para opónerse a un ou varios adversarios nun xogo colectivo, quer como atacante quer como defensor.
- Este criterio pretende avaliar as interaccións en situacións de xogo. Trátase de observar as accións de axuda e colaboración entre os membros dun mesmo equipo. Observaranse tamén accións de oposición como a interceptación do móvil ou dificultar o avance do oponente. Tamén se debe observar se os xogadores e xogadoras ocupan posicións no terreo de xogo que faciliten as accións de cooperación e oposición.

4. Identificar, como valores fundamentais dos xogos e a práctica de actividades deportivas, o esforzo persoal e as relacións que se establecen co grupo e actuar de acordo con elas.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado sitúa o trabalho en equipo, a satisfacción polo propio esforzo, o xogo limpo e as relacións persoais que se establecen mediante a práctica de xogos e actividades deportivas, por enriba dos resultados da propia actividade (ganhar ou perder) e se xoga tanto con nenos como con nenas de forma integradora.

5. Opinar coherente e criticamente con relación ás situacións conflitivas xurdidas na práctica da actividad física e o deporte.

Reflexionar sobre o trabalho realizado, as situacións xurdidas e cuestións de actualidade relacionadas co corpo, o deporte e as suas manifestacións culturais constituirá o obxecto de avaliación deste criterio. Teranse en conta capacidades relacionadas coa construcción e a expresión das opinións, os hábitos para un bo funcionamento do debate e as que permiten ter un criterio propio, pero a un tempo, entender o punto de vista das demais persoas.

6. Mostrar condutas activas para incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.

Observarse o interese por manter condutas activas que condúzan os alumnos e alumnas a mellora da súa condición física. Simultaneamente observarase se o alumnado desenvolveu as capacidades físicas de acordo co momento de desenvolvemento motor. Para iso será necesario realizar sucesivas observacións comparando os resultados e observando os progresos. Así mesmo, terase en conta a capacidade para dosificar o esforzo e adaptar o exercicio ás propias posibilidades e limitacións.

7. Construir composicións de grupo en interacción cos compañeiros e compañeiras utilizando os recursos expresivos do corpo e partindo de estímulos musicais, plásticos ou verbais.

Este criterio pretende valorar a capacidade para traballar en grupo, compartindo obxectivos, na elaboración dun pequeno espectáculo. Por outra banda, observarase a capacidade individual e colectiva para comunicar de forma comprensible sensacións, mensaxes, etc., a partir do xesto e o movemento, e sendo capaz de transmitir os elementos expresivos con suficiente serenidade, desinhibición e estilo propio.

8. Identificar algunas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual do exercicio físico e a mellora da saúde e actuar de acordo con elas.

É preciso comprobar se o alumnado establece relacións coerentes entre os aspectos conceptuais e as actitudes relacionados coa aquisición de hábitos saudables. Terase en conta a predisposición a realizar exercicio físico, evitando o sedentarismo; a manter posturas correctas; a se alimentar de xeito equilibrado; a se hidratar correctamente; a mostrar a responsabilidade e a precaución necesarias na realización de actividades físicas, evitando riscos.

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos

A incorporación desta área por primeira vez como materia independente no currículo sitúa a preocupación pola cidadanía nun lugar moi destacado do conxunto das actividades educativas, na

mesma liña en que o fan os organismos internacionais como as Nacións Unidas ou o Consello de Europa. Tamén a Unión Europea insiste na necesidade de fomentar a cidadanía responsável nunha sociedade democrática como fórmula para lograr a cohesión social e unha identidade europea común.

A aprendizaxe da cidadanía responsable, que engloba aspectos relacionados co coñecemento e o exercicio dos dereitos e responsabilidades cívicas, exige unha longa aprendizaxe que se inicia cando nenos e nenas establecen relacions afectivas, adquiren hábitos sociais e aprenden técnicas para desenvolver un pensamento crítico. Esta aprendizaxe require que se inicien na participación activa no centro docente e na súa comunidade e, nesa medida, adquiran os rudimentos da participación democrática.

Desde a educación infantil e ao longo da educación primaria, nas diferentes áreas, e especialmente en coñecemento do medio natural, social e cultural, veuse traballando en moitos aspectos que son a vez, a compartir e coidar os materiais, a expresarse só ou cos demais, a relacionarse cos seus iguais e cos adultos. En definitiva, impulsáronse a autonomía personal, a autoestima, a asunción de hábitos sociais, a manifestación do criterio propio, o respecto ás opinións alieas e o respecto aos outros, o diálogo e a negociación en caso de conflito no ámbito escolar e familiar.

Por iso, no último ciclo da educación primaria, momento en que se introduce a área, os nenos e as nenas están en condicións de adoptar unha perspectiva máis ampla para transceder os hábitos adquiridos en relación co traballo en grupo, a participación no funcionamento de reunións ou assembleas de clase e a práctica de hábitos sociais. Igualmente, os dereitos humanos teñen carácter universal e a esta idade son capaces de entender este ámbito e poden adquirir consciencia da súa pertenza a un país e de formar parte dunha sociedade global.

O comezo da adolescencia é unha etapa de transición na cal se modifican as relacions afectivas. Os preadolescentes inicianse nunha socialización máis amplia, de participación autónoma en grupos de iguais, asociacions diversas, etc. Convén preparar a transición ao ensino secundario e ao novo sistema de relacions interpersoais e institucionais que supoñen unha participação baseada na representación ou delegación e que require un adestramento, e esta área é un ámbito privilexiado para isto.

A aprendizaxe desta área vai alén da adquisición de coñecementos, para se centrar nas prácticas escolares que estimulan o pensamento crítico e a participación, que facilitan a asimilación dos valores en que se fundamenta a sociedade democrática, co obxecto de formar futuros cidadáns responsables, participativos e solidarios. Neste sentido, os requisitos metodolóxicos deben ser atendidos con sumo cuidado porque serán decisivos á hora de asegurar que o coñecemento de determinados principios e valores xere a adquisición de hábitos e inflúa nos comportamentos.

Os obxectivos e contidos da área, en sintonía coa Recomendación (2002) 12 do Consello de Ministros do Consello de Europa, parten do persoal e do contorno máis próximo: a identidade, as emocións, o benestar e a autonomía persoais, os dereitos e responsabilidades individuais, a igualdade de dereitos e as diferenzas. Da identidade e as relacions persoais pásase á convivencia, a participación, a vida en común nos grupos próximos. Finalmente, abórdanse a convivencia social que establece a Constitución e os dereitos e as responsabilidades colectivas. Por tanto, o percorrido proposto vai do individual ao social.

Os contidos organizánsen en tres bloques, nos cales os conceptos, os procedementos e as actitudes se abordan desde unha perspectiva integrada. O bloque 1, *Individuos e relacions interpersoais* e socias, trata os aspectos persoais: a autonomía e a identidade, o recoñecemento das emocións propias e das demais persoas. Propón un modelo de relacions baseado no recoñecemento da dignidade de todas as persoas, do respeito ao outro ainda que mantenga opinións e crenzas distintas ás propias, da diversidade e os dereitos das persoas. A partir de situacions cotiás, abórdase a igualdade de homes e mulleres na familia e no mundo laboral. Un aspecto prioritario, relacionado coa autonomía persoal é sempre a asunción das propias responsabilidades.

O bloque 2, *A vida en comunidade*, trata da convivencia nas relacions co contorno, dos valores cívicos en que se fundamenta a sociedade democrática (respeto, tolerancia, solidariedade, xustiza, igualdade, axuda mutua, cooperación e cultura da paz), da forma de abordar a convivencia e o conflito nos grupos de pertenza (familia, centro escolar, amigos, localidade) e do exercicio dos

dereitos e deberes que corresponden a cada persoa no seo deses grupos, identificando a diversidade, rexeitando a discriminación e valorando a participación e as súas vías. Así mesmo, partindo do recoñecemento da diversidade cultural e relixiosa presente no contorno imediato e asumindo a igualdade de todas as mulleres e homes tanto a dereitos e deberes, pódese traballar no respecto crítico polos costumes e modos de vida distintos ao propio e permite proporcionar elementos para identificar e rexistar situacions de marxinación, discriminación e inxustiza social.

Finalmente, o bloque 3, *Vivir en sociedade*, propón unha visión social máis ampla: a necesidade e o coñecemento das normas e principios de convivencia establecidos pola Constitución, o coñecemento e a valoración dos servizos públicos e dos bens comúns, ben como as obrigas das administracións públicas e dos cidadáns no seu mantemento. Algunhas dos servizos públicos e dos bens comúns reciben un tratamento específico adecuado á idade deste alumnado, é o caso da protección civil, a seguranza, a defensa ao servizo da paz e a educación viaria.

Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas

A educación para a cidadanía contribúe a desenvolver algúns aspectos destacados de varias competencias, pero relaciónase directamente coa competencia social e cidadá. En relación con esta competencia, a área afronta o ámbito persoal e público implícito nela: propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática. Así, a área pretende o desenvolvemento de nenos e nenas como persoas dignas e integras, o que exixe reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal, e favorecer o espírito crítico para axudar á construcción de proxectos persoais de vida. Tamén se contribúe á competencia e a mellorar as relacións interpersoais na medida en que a área favorece a universalización das propias aspiracións e dereitos para todos os homes e mulleres, impulsa os vínculos persoais baseados en sentimento e axuda a afrontar as situacións de conflito, ao proponer a utilización sistemática do diálogo. Para isto, a área inclúe contidos específicos relativos á convivencia, á participación, ao coñecemento da diversidade e das situacións de discriminación e inxustiza, que deben permitir consolidar as habilidades sociais, axudar a xerar un sentimento de identidade compartida, a recoñecer, aceptar e usar convencions e normas sociais e interiorizar os valores de cooperación, solidariedade, compromiso e participación tanto no ámbito privado como na vida social e política, favorecendo a asimilación de destrezas para convivir.

Así mesmo, a área contribúe á adquisición do coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, á valoración da conquista dos dereitos humanos e ao rexeitamento dos conflitos entre os grupos humanos e ante as situacións de inxustiza. Son contidos específicos da área os principios contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, na Convención dos Dereitos do Neno e na Constitución española, ben como a súa aplicación por parte de diversas institucións.

A identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos cívicos adecuados á sua idade no ámbito escolar e social permitirá que os futuros cidadáns se inicien na construcción de sociedades más cohesionadas, libres, prósperas, equitativas e xustas.

Ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que a área propón o estímulo das habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, que require o desenvolvemento dun pensamento propio. A síntese das ideas propias e alleas, a presentación razoada do propio criterio e a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión favorecen tamén as aprendizaxes posteriores.

Desde a área favorecécese a competencia de autonomía e iniciativa persoal, na medida en que se desenvolven iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades. A área adestra no diálogo e o debate, na participación, na aproximación respectiva ás diferenças sociais, culturais e económicas e na valoración crítica destas diferenças ben como das ideas. O currículo atende desde a argumentación, á construcción dun pensamento propio, e á toma de postura sobre problemas e posibles solucions. Con iso, fortalecése a autonomía de alumnos e alumnas para analizar, valorar e decidir, con confianza en si mesmos e o respeito polas demás persoas, ben como a disposición a asumir riscos nas relacións interpersoais.

Á competencia en comunicación lingüística contribúese a partir do coñecemento e do uso de termos e conceptos propios da área. Ademais, o uso sistemático do debate, procedemento imprescindible nesta área, contribúe específicamente a esta competencia, porque exixe exercerse na escucha, a exposición e a argumentación.

Obxectivos

- A educación para a cidadanía e os dereitos humanos nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:
 1. Desenvolver a autoestima, a afectividade e a autonomía persoal nas súas relacións coas demais persoas, ben como unha actitude contraria á violencia, os estereotípos e preuixos.
 2. Desenvolver habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con autonomía na vida cotiá e participar activamente nas relacións de grupo, mostrando actitudes xenerosas e construtivas.
 3. Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia e aprender a obrar de acordo con elas.
 4. Reconocer a diversidade como enriquecedora da convivencia, mostrar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e pobos distintos ao propio.
 5. Coñecer, asumir e valorar os principais dereitos e obligas que derivan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, da Convención sobre os Dereitos do Neno e da Constitución española.
 6. Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, e valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos ciudadáns de contribuir ao seu mantemento e cumplir as súas obrigas cívicas.
 7. Identificar e rexeitar situacións de inxustiza e de discriminación, mostrar sensibilidade polas necesidades das persoas e grupos máis desfavorecidos e desenvolver comportamentos solidarios e contrarios á violencia.
 8. Tomar consciencia da situación do medio e desenvolver actitudes de responsabilidade no coñadido do ámbito próximo.

Terceiro ciclo

Confidós

- Bloque 1. Individuos e relacións interpersoais e sociais
- Autonomía e responsabilidade. Valoración da identidade persoal, das emocións e do benestar e intereses propios e dos demais. Desenvolvemento da empatía.
 - A dignidade humana. Dereitos humanos e dereitos da infancia. Relacións entre dereitos e deberes.
 - Reconocementos das diferenzas de sexo. Identificación de desigualdades entre mulleres e homes. Valoración da igualdade de dereitos de homes e mulleres na familia e no mundo laboral e social.

Bloque 2. A vida en comunidade

- Valores cívicos na sociidade democrática: respeito, tolerancia, solidariedade, xustiza, cooperación e cultura da paz.
- Aplicación dos valores cívicos en situacións de convivencia e conflito no ámbito inmediato (familia, centro escolar, amizades, localidade). Desenvolvemento de actitudes de comprensión e solidariedade e valoración do diálogo para solucionar os problemas de convivencia e os conflictos de intereses na relación coas demais persoas.
- O dereito e deber de participar. Valoración das diferentes canles de participación.

- Responsabilidade no exercicio dos dereitos e os deberes individuais que lle corresponden como membro dos grupos en que se integra e participación nas tarefas e decisións destes.
- A diversidade social, cultural e relixiosa. Respeito crítico polos costumes e modos de vida distintos ao propio. Identificación de situacións de marxinación, desigualdade, discriminación e inxustiza social.

Bloque 3. Vivir en sociedade

- A convivencia social. Necesidade de nos dotarmos de normas para convivir. Os principios de convivencia que establece a Constitución española.
 - Identificación, aprecio, respeito e cuidado dos bens comúns e dos servizos públicos que os ciudadáns reciben do Estado: concello, comunidade autónoma ou administración central do Estado e valoración da importancia da contribución de todos ao seu mantemento a través dos impostos.
 - Hábitos cívicos. A protección civil e a colaboración cidadá fronte aos desastres. A seguranza integral do cidadán. Valoración da defensa como un compromiso cívico e solidario ao servizo da paz.
 - Respeito ás normas de mobiliadade viaria. Identificación de causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico (peóns, viaxeiros, ciclistas, etc.)
- Criterios de avaliación
 - 1. Mostrar respecto polas diferenças e características persoais propias e dos seus compañeiros e compañeiras, valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse destas.
 - A través deste criterio de avaliación trátase de valorar se o alumno ou a alumna manifesta nos seus comportamentos cotiáns un coñecemento das súas características propias e se exerce unha autorregulación das súas emocións e sentimento. Así mesmo, preténdese comprobar se reconoce os sentimento e emocións nas persoas que o rodean, se acepta as diferenzas interpersoais e, en definitiva, se se responsabiliza das súas actuacións e adopta actitudes construtivas e respectuosas ante as condutas dos demais.
 - 2. Argumentar e defender as propias opiniñas, escutar e valorar criticamente as opinións dos demais, mostrando unha actitude de respecto ás persoas.
 - Por medio deste criterio búsquese avaliar a capacidade do alumnado, nas situacións cotiás do grupo clase, de utilizar o diálogo para superar diverxencias e establecer acordos, ben como de mostrar na súa conducta habitual e na súa linguaaxe respecto e valoración crítica por todas as persoas e os grupos, independentemente da idade, sexo, raza, opinións, formación cultural e creanzas.
 - 3. Aceitar e practicar as normas de convivencia. Participar na toma de decisións do grupo, utilizando o diálogo para favorecer os acordos e asumindo as súas obrigas.
 - Este criterio valorará o grao de participación individual nas tarefas do grupo e o grao de cumprimento das tarefas que lle corresponden. Así mesmo, valorarase se nas relacións persoais, cos seus iguais e os adultos, asume e practica as normas de convivencia, o diálogo e o respecto ás demais persoas.
 - 4. Coñecer algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e na Convención sobre os Dereitos do Neno e os principios de convivencia que recolle a Constitución española e identificar os deberes más relevantes asociados a elles.
 - Este criterio pretende avaliar se se comprende a necesidade de se dotar de normas para poder convivir harmonicamente e se coñece e valora, ainda que sexa de xeito moi xeral, os dereitos do neno, os dereitos humanos e os dereitos fundamentais recollidos na Constitución española, de forma que reconeza o seu carácter universal e a sua importancia como alícerce básico da convivencia. Naturalmente, non se trata de que reproduzan o texto de ningunha norma, senón de que saibam explicar algúns dos dereitos e deberes más significativos e a súa contribución a unha mellor convivencia.

5. Recofecer e rexeitar situacions de discriminación, marxinación e inxustiza e identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan.

Trátase de valorar con este criterio se desenvolveu a capacidade de identificar, recoñecer e verbalizar situacions inxustas, tanto no seu ámbito como a través da información que proporcionan os medios de comunicación. Así mesmo, valorarase se identifica, pondo exemplos razoados, os factores que provocan as marxinacions ou discriminacions delas derivadas e se rexeita as súas consecuencias.

6. Pór exemplos de servizos públicos prestados por diferentes institucions e recoñecer a obriga dos cidadáns de contribuir ao seu mantemento a través dos impostos.

En primeiro lugar, o criterio permite avaliar os coñecementos que posúen acerca dos servizos públicos que cidadáns e cidadáns recibimos das administracions. Deberá ilustrar ese coñecemento con exemplos referidos a servizos que prestan o concello, a comunidade autónoma e a administración central do Estado e con argumentos sobre a importancia da calidade da xestión destes servizos para a vida das persoas. Do mesmo xeito, preténdese valorar se recoñecen que os cidadáns deben ofrecer a sua contrapartida, colaborando no mantemento das institucions e dos servizos que estas prestan a través dos impostos.

7. Explicar o papel que cumplen os servizos públicos na vida dos cidadáns e mostrar actitudes cívicas en aspectos relativos á seguranzia vianaria, á protección civil, á defensa ao servizo da paz e á seguranzia integral dos cidadáns.

A partir deste criterio de avaliación preténdese comprobar se recoñecen e saben explicar oralmente e por escrito, a importancia que determinados servizos públicos (educación, sanidade, abastecemento de auga, transportes, etc.) teñen no benestar dos cidadáns. Así mesmo, valorarase se asumen a responsabilidade que lles corresponde como membros da colectividade en situacións cotiás ou de hipotético risco, e se mostran actitudes cívicas en aspectos como o coñado do ambiente e do contorno e no coñado dos bens comuns.

Apartir deste criterio de avaliación preténdese comprobar se recoñecen e saben explicar oralmente e por escrito, a importancia que determinados servizos públicos (educación, sanidade, abastecemento de auga, transportes, etc.) teñen no benestar dos cidadáns. Así mesmo, valorarase se asumem a responsabilidade que lles corresponde como membros da colectividade en situacións cotiás ou de hipotético risco, e se mostran actitudes cívicas en aspectos como o coñado do ambiente e do contorno e no coñado dos bens comuns.

Lingua castelá e literatura

Entre as finalidades da educación primaria, como etapa de desenvolvemento integral e harmónico preferente. Ao longo desta etapa os nenos e as nenas deben comenzar a adquirir un saber reflexivo sobre as prácticas comunicativas necesarias para vivir na sociedade do século XXI. A área de lingua é o ámbito privilexiado para conseguir estas metas ainda que todas as áreas, ao empregar a lingua como medio de comunicación e de adquisición e transmisión do coñecemento, son responsables do desenvolvemento da comunicación lingüística. Así pois, esta área ten como obxecto o desenvolvemento das habilidades lingüísticas: escutar, falar e conversar, ler e escribir. Tamén, e de xeito específico, pretende aproximar á lectura e comprensión de textos literarios.

Aprender unha lingua non é únicamente apropiarse dun sistema de signos, senón tamén dos significados culturais que estes transmiten e, con estes significados, dos modos en que as persoas entenden ou interpretan a realidade. Do mesmo xeito a lingua é un poderoso instrumento para regular a convivencia, para expresar ideas, sentimientos e emocións e, en definitiva, para controlar a propia conducta. A lingua contribúe así a construir unha representación do mundo socialmente compartida e comunicable, ao equilibrio afectivo e á integración social e cultural das persoas.

Situar o ensino e a aprendizaxe da lingua no marco da competencia comunicativa significa que o currículo se centra na aprendizaxe das destrezas discursivas, cujo dominio require procedementos e coñecementos explícitos acerca do funcionamento da lingua en todas as súas dimensíons, tanto dos elementos formais como das normas sociolingüísticas que presiden os intercambios; a planificación e estruturación dos textos, a articulación dos enunciados mediante procedementos de cohesión e a organización das oracions de acordo con regras léxico-sintácticas.

Aprender lingua significa, por tanto, atinxir a competencia necesaria para desenvolvelse con facilidade e éxito nas diferentes situacions da vida, incluída a escolar, na cal os textos académicos para aprender contidos doutras áreas ocupan neste currículo un lugar destacado.

O punto de partida para a educación lingüística é o uso da lingua que nenos e nenas xa adquiriron ao iniciar a etapa. O papel da educación primaria será ampliar esta competencia lingüística e comunicativa de modo que sexan capaces de interactuar nos diversos ámbitos en que se van ver inmersos. Destes seleccionáronse aqueles que se consideran más apropiados para o traballo escolar: o das relacions sociais, o dos medios de comunicación, o literario e, de xeito privilexiado, o ámbito académico. É nos devanditos ámbitos onde se interpretan e producen os distintos textos e é nelles onde se deben desenvolver as diferentes habilidades lingüísticas.

O currículo articulase ao redor dun eixe que é o uso social da lingua nos diferentes contextos: privados e públicos, familiares e escolares. Arredor deste fío condutor os contidos organízanse en bloques que intentan ordenar a complexidade das aprendizaxes lingüísticas que aparecen integradas nas situacions de comunicación e que requieren diferentes estratexias. Isto non significa que a ordenación dos contidos que se ofrece sexa a que corresponde á actividade docente, xa que existen moitas conexións entre os distintos bloques e, por exemplo, as actividades de comprensión e de expresión van sempre unidas.

Os bloques de contidos referidos ás habilidades lingüísticas, o bloque 1, *Escoitar, falar e conversar* e o bloque 2, *Ler e escribir*, aparecen no currículo separados co fin de abordar de forma específica os aspectos esenciais en cada tipo de discurso. Non obstante, o uso oral formal e o escrito teñen moitos aspectos comuns (tema prefixado, planificación do contido, sintaxe e léxico, suxección a unha norma estándar...) e hai numerosas situacións de comunicación que combinan varios usos e permiten relacionar ambas as aprendizaxes e apoiar unha na outra. A aprendizaxe deste nivel formal realizaese, obviamente, nas situacións de interacción comunicativa que ofrece o contexto da aula e do centro escolar.

O uso oral informal -o uso espontáneo entre interlocutores con trato frecuente e familiar- é obxecto de observación e análise co fin de recoñecer as normas socio-comunicativas que rexen o intercambio, para observar as estratexias que poñen en funcionamento os falantes co fin de lograr unha comunicación satisfactoria e para recoñecer e criticar estereotipos e preuiños, tanto sociais como sociolingüísticos, especialmente no final da etapa.

Canto ao uso escrito, a aprendizaxe da lectura e da composición presenta progresivamente niveis de complexidade na planificación e estruturación dos textos e unha maior diversificación nos contextos. Moi especialmente, débese consolidar nesta etapa o domínio das técnicais gráficas, a relación sonográfica, as normas ortográficas convencionais e a disposición do texto na páxina, tendo en conta que a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación non debe obviar a aprendizaxe dos rudimentos de escritura autónomos socialmente relevantes e valorados.

A lectura e interpretación de textos literarios requieren unhas competencias específicas para cuxo desenvolvemento o currículo selecciona os contidos que agrupa o bloque 3, *Educación literaria*. A educación literaria concibe como unha proximación á literatura desde as súas expresións más simbólicas. A lectura, a exploración da escritura, a recitación, a práctica de xogos retóricos ou a escucha de textos propios da literatura oral deben contribuir ao desenvolvemento da competencia literaria, como integrante da competencia comunicativa, e como un achegamento á expresión artística e ao valor patrimonial das obras literarias.

A literatura posúe características propias e convencións específicas que se deben coñecer para que o lector poida crear o contexto adecuado. Nesta etapa o currículo céntrase en favorecer experiencias prazenterais coa lectura e a recreación de textos literarios. Achégase os nenos e as nenas á representación e interpretación simbólica, tanto da experiencia interior como da colectiva, para crear hábito lector. Os contidos deste bloque refirense, por unha parte, ao coñecemento das convencións literarias básicas, especialmente relacionadas coa poesía e a narración, e, por outra, á aplicación de informacións acerca do contexto lingüístico, histórico e cultural en que as obras literarias se produciron, na medida en que estes datos sexan significativos para a interpretación do texto e de acordo coas expectativas dun lector desta etapa escolar.

Por último, o bloque 4, *Coñecemento da lingua*, integra os contidos relacionados coa reflexión lingüística. As actividades de producción de textos orais e escritos implican un uso consciente das formas, mecanismos e estratexias verbais. Isto supón unha reflexión sistemática sobre os factores do contexto, aos cales se debe adecuar o discurso, sobre os esquemas textuais convencionais que serven de modelo tanto para a produción como para a comprensión, sobre o funcionamiento de certas unidades lingüísticas como elementos de cohesión do texto e sobre as regularidades léxico-sintácticas dos textos de uso na etapa.

Na reflexión sistemática sobre a lingua e as súas condicions de uso proponse que nenos e nenas comecen a elaborar un sistema conceptual básico e unha metalingua que facilite a comunicación na aula durante o proceso de aprendizaxe e que sirva de apoio para a aprendizaxe doutras linguas. A reflexión sobre as unidades do sistema lingüístico, sempre axustada aos coñecementos e posibilidades de abstracción destas idades, proponse en relación coas condicions de uso e como un requisito imprescindible para incorporar a avaliación e a corrección das propias producións orais e escritas, co fin de favorecer a aprendizaxe autónoma. Así pois, os contidos deste bloque non se proponen de xeito autónomo, senón como o inicio da construcción dos coñecementos sobre a lingua que resultan imprescindibles para un mellor uso e unha comunicación máis eficaz.

En síntese, o eixe da educación lingüística neste currículo son os procedementos encamíñados ao desenvolvemento das habilidades de expresión e comprensión oral e escrita, en contextos sociais significativos, ben como no ámbito da comunicación literaria, tendo en conta que un proceso de alfabetización cultural é sempre de longa duración. Por iso, a proposta do currículo nesta etapa debe prolongar na educación secundaria obligatoria. As diferenzas entre unha etapa e outra residen na selección dos discursos que se analizan e producen, que atende á complexidade destes nas situacións de comunicación, na profundidade da reflexión lingüística e literaria, na selección de contidos de reflexión sobre a lingua e no grao de sistematización que todo iso debe lograr.

Contribución da área ao desenvolvemento das competencias básicas

A propia concepción do currículo desta área, ao pór a énfase no uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos, fai evidente a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística.

Cabe tamén destacar que as estratexias que constitúen a competencia comunicativa se adquieren desde unha lingua determinada, pero non se refiren exclusivamente a saber usar esta lingua, senón ao uso da lingua en xeral. Esta característica da aprendizaxe lingüística ten unha grande importancia, xa que as aprendizaxes que se efectúan nunha lingua se aplican á aprendizaxe doutras, o coñecemento das cales contribúe, pola súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da lingua en xeral.

O acceso ao saber e á construcción de coñecementos mediante a lingua e relaciónarse directamente coas competencias básicas de aprender a aprender, e coa de *autonomía e iniciativa persoal*. A lingua, alén de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse con un mesmo, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión. En suma, regula e orienta a nosa propia actividade con progresiva autonomía. Por iso, o seu desenvolvemento e a sua mellora desde a área contribúe a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos, a regular emocions favorecendo o desenvolvemento de ambas as competencias.

Ao tratamento da *información e competencia dixital*, a área contribúe en canto proporciona coñecementos e destrezas para a busca, selección, tratamiento da información e comunicación, en especial, para a comprensión dese información, da súa estrutura e organización textual, e para a sua utilización na producción oral e escrita. O currículo da área inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que intervénen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, ...) e que constitúen un dos contidos básicos desta área. Por iso, na medida en que se utiliten estás a mellorar á vez a competencia dixital e o tratamento da información. Pero, ademáis, os novos medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura, o que permite concibir a aprendizaxe da lingua escrita no cadro dun verdadeiro intercambio comunicativo.

A lingua contribúe poderosamente ao desenvolvemento da competencia social e cidadá, entendida como habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas, xa que necesariamente a súa adquisición require o uso da lingua como base da comunicación. Aprender lingua é, ante todo, aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura aos demás.

Por outro lado, na medida en que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, analiza

os modos mediante os cales a lingua transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuir á erradicación dos usos discriminatorios da lingua, estase a contribuir ao desenvolvemento desta competencia.

Ademais de reforzecer a propia lingua como elemento cultural de primeira orde, nesta área a lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento da competencia artística e cultural.

Obxectivos

O ensino da lingua castelá e literatura nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de forma adecuada nos diferentes contextos da actividad social e cultural.
2. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para escribir e falar de forma adecuada, coerente e correcta, e para comprender textos orais e escritos.
3. Utilizar a lingua para relacionarse e expresarse de maneira adecuada na actividad social e cultural, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación, para tomar consciencia dos propios sentimientos e ideas e para controlar a propia conduta.
4. Utilizar, en situacións relacionadas coa escola e a súa actividade, as diversas clases de escritos mediante os cales se produce a comunicación coas institucións públicas ou privadas.
5. Usar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, interpretar e valorar informacións e opiniões diferentes.
6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para procurar, recoller e procesar información como para escribir textos propios do ámbito académico.
7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de Enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos de lectura.
8. Comprender textos literarios de xéneros diversos adecuados canto a temática e compleixade e iniciarse nos coñecementos das convencións específicas da lingua literaria.
9. Valorar a realidade plurilingüe de España como mostra de riqueza cultural.
10. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

Primeiro ciclo

Contidos

Bloque 1. Escutar, falar e conversar

- Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo adecuado).
- Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e a televisión para obter información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.
- Comprensión e producción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade didáctica como os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).
- Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relacions entre elas (identificación, clasificación, comparación).
- Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

- Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Uso dunha linguaaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir

Comprensión de textos escritos

- Comprensión de informacións concretas en textos propios de situacións cotiás próximas á experiencia infantil, como convites, parabéns, notas e avisos.
- Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil en textos procedentes dos medios de comunicación social, con especial incidencia na noticia.
- Comprensión de informacións en textos para aprender moi vinculados á experiencia, tanto nos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descripcións, instrucións e explicacións).
- Integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes para aprender (identificación, clasificación, comparación).
- Iniciación á utilización dirixida das tecnoloxías da información e a comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita.
- Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.

Composición de textos escritos

- Composición de textos propios de situacións cotiás próximas á experiencia infantil, como convites, parabéns, notas ou avisos, utilizando as características usuais deses xéneros.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación social (titulares, pés de foto, breves noticias, ...) sobre acontecementos próximos á experiencia infantil, en soportes habituais no ámbito escolar.
- Composición de textos relacionados co ámbito escolar para obter, organizar e comunicar información (cuestiónarios, listas utilizadas como resumo ou esquema, descripcións, explicacións elementais,...)
- Adquisición das convencións do código escrito.

- Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos para facilitar a comprensión (ilustracións e tipografía).
- Iniciación ao uso de programas informáticos de procesamento de texto.
- Interese pola escritura como instrumento para nos relacionarmos e para aprender, e interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e pola norma ortográfica.

Bloque 3. Educación literaria

- Escuta de textos literarios e lectura guiada e autónoma, silenciosa e en voz alta, de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á autonomía lectora.
- Valoración da autonomía lectora, interese pola escolla de temas e textos, pola comunicación das preferencias persoais, e apreciación do texto literario como recurso de disfrute persoal.
- Uso dos recursos da biblioteca da aula e do centro, incluíndo documentos audiovisuais, como medio de aproximación á literatura.
- Comprensión, memorización e recitación de poemas co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuadas.

- Recreación e reescritura de textos narrativos e de carácter poético (adivinñas, refráns,...), utilizando modelos.
- Dramatización de situacións e de textos literarios.

Bloque 4. Coñecemento da lingua

- Reconocemento do papel das situacións sociais como factor condicionante dos intercambios comunicativos.
- Identificación dos contextos en que a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da importancia da escrita en determinados ámbitos.
- Identificación dos textos de uso frecuente na aula a partir de elementos paratextuais e textuais.
- Observación das diferenzas entre a lingua oral e escrita.
- Reconocemento da relación entre son e grafía no sistema da lingua.
- Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.
- Coñecemento das normas ortográficas más sinxelas.
- Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos para observar o funcionamento dos enunciados e adquirir novos recursos.
- Inicio á reflexión en actividades de identificación e uso dos seguintes termos na producción e interpretación: denominación dos textos con que se traballou; enunciado, palabra e silaba; nome, nome común e nome propio; xénero e número.

Criterios de avaliación

1. Participar nas situacións de comunicación da aula, respectando as normas do intercambio: esperar a vez de palabra, escutar, ollar para o interlocutor, manter o tema.
- Con este criterio téntase avaliar tanto a capacidade para intervenir nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula, como a actitude con que se participa nelas. Convén advertir que estas competencias terán una estreita relación coa capacidade para observar as situacións comunicativas -finalidade, participantes, lugar onde se produce o intercambio, ... - ben como para determinar, de forma ainda intuitiva, as súas características e proceder de maneira adecuada.
2. Expressarse de forma oral mediante textos que presenten de xeito organizado feitos, vivencias ou ideas.
- Este criterio pretende avaliar a capacidade para expressarse de forma clara e concisa segundo o xénero e a situación de comunicación, usando o léxico, as fórmulas lingüísticas, a entoación e a pronunciación adecuadas. Debease valorar tamén a capacidade de comunicar oralmente feitos, vivencias ou ideas, como forma de controlar, con axuda da linguaaxe, a propia conducta.
3. Captar o sentido global de textos orais de uso habitual, identificando a información más relevante.
- Este criterio fai referencia á capacidade para comprender textos orais da vida cotiá, tanto da aula como do seu contorno máis proximo. Refírese, neste primeiro ciclo, á obtención de informacions globais ou moi concretas que lles permitan realizar tarefas ou participar na vida da aula.
4. Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.
- Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para detectar e entender información ou ideas relevantes indicadas explicitamente nos textos -informacions puntuais en avisos, notas, convites e

textos escolares e tamén se poden transcender o significado superficial para extraer inferencias directas baseadas no texto.

Nos textos narrativos literarios esta capacidade implica a identificación dos feitos principais que permiten construir unha historia, dos personaxes principais ou de inferir algunas cuestións sinxelas en relación co contexto da historia (tempo, espazo, etc.).

Débese avaliar tamén o desenvolvemento da destreza para utilizar determinados aspectos non estritamente textuais na detección das ideas (ímagens, distribución do texto ou tipografía).

5. Relacionar, pondo exemplos concretos, a información contida nos textos escritos próximos á experiencia infantil coas propias vivencias e ideas e mostrar a comprensión a través da lectura en voz alta.

Con este criterio avaliase a capacidade para relacionar as propias vivencias e coñecementos coa información nova que aparece nos textos escritos, ben como a capacidade para relacionar información procedente de textos diversos de uso escolar habitual identificándoa, comparándoa e clasificándoa.

Valorárase tamén a comprensión a través da lectura en voz alta, despois da lectura silenciosa, de textos coñecidos, atendendo fundamentalmente á descodificación, ás pausas e á entoación. Terase en conta, por último, se toman a iniciativa para ler e se mostran interese ao facelo.

6. Redactar e reescribir diferentes textos relacionados coa experiencia infantil atendendo a modelos claros, utilizando a planificación e revisión dos textos, coñetando as normas gramaticais e ortográficas más sinxelas e os aspectos formais.

Con este criterio quérrese avaliar se adquiriron o código escrito. Deberán ser capaces de redactar textos propios das relacións interpersonais na aula -avisos, parabéns, notas-, de participar en actividades escolares en que se dea intercambio escrito de información e de utilizar a escritura para aprender e organizar os propios coñecementos. Tamén se valorará a proximación á literatura mediante a práctica de xogos lingüísticos ou imitacións de xéneros como o conto ou a poesía.

Avaliárase tamén o proceso de elaboración dos escritos que debe atender á planificación -mediante uso de modelos e outras partas- e á revisión de aspectos relacionados coa eficacia do escrito -obtención da finalidade deseñada-, coa coherencia e coa corrección gramatical e ortográfica que neste ciclo se centra no uso das regras ortográficas básicas; segmentación de palabras, uso da coma en enumeracións, o punto e a interrogación.

7. Coñecer textos literarios da tradición oral e da literatura infantil adecuados ao ciclo, ben como algunos aspectos formais simples da narración e da poesía coa finalidade de apoiar a lectura e a escritura destes textos.

Este criterio avalía a capacidade de desenvolver o hábito de escutar e disfrutar con textos literarios propios do ciclo, especialmente narrativos e poéticos (cancions, refrans, adiviñas, trabalenguas,...) de comprender o sentido destes grazas á interpretación de algunhas convencións específicas, como a estrutura narrativa simple e a rima. Hai que availar igualmente o aprecio e a adopción de actitudes positivas fronte ao texto literario e a incorporación da lectura á súa vida cotiá. Valorárase a participación en tarefas de dramatización, recreación, memorización e recitación de poemas e textos sinxelos con ritmo, pronuncia e entoación adecuadas.

8. Identificar de forma guiada algúns cambios que se producen nas palabras, os enunciados e os textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.

Trátase de availar a habilidade para observar e reconhecer os efectos que producen os cambios na orde, as segmentacións, as supresións e as insercións, nos enunciados e nos textos, de modo que se identifiquen tanto os problemas na escritura e na expresión oral como a orixe de determinadas dificultades na comprensión e se utilice esta reflexión na mellora das actividades

9. Comprender e utilizar a terminoloxía grammatical e lingüística elemental nas actividades relacionadas coa producción e comprensión de textos.

Con este criterio quérrese comprobar se son capaces de utilizar os termos gramaticais e lingüísticos elementais (denominacións dos textos, enunciado, palabra e sílaba; nome común e nome propio; singular e plural; masculino e feminino) nas actividades que se realicen na aula. Esta utilización supón un determinado grao de elaboración dos conceptos a que se refiren os termos. Tamén se valorará a iniciativa non uso espontáneo e o interese por utilizar estes termos.

Segundo ciclo

Contidos

- | |
|---|
| <p>Bloque 1. Escutar, falar e conversar</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación e cooperación en situacions comunicativas habituais (informacións, conversas reguladoras da convivencia, discusiones ou instruccions) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, papeis diversos no intercambio, ton de voz, posturas e xestos adecuados). - Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, a televisión ou a internet con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos. - Comprensión e producción de textos orais para aprender e para informarse, tanto dos producidos con finalidade didáctica como dos de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (as exposicións de clase). - Uso de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes (identificación, clasificación, comparación). - Actitude de cooperación e de respeito en situacions de aprendizaxe compartida. - Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas. - Utilización da lingua para tomar consciencia das ideas e os sentimientos propios e dos demás e para regular a propia conduta, empregando unha linguaaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. <p>Bloque 2. Ler e escribir</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprehension de textos escritos - Comprehension da información relevante en textos propios de situacions cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas de clase ou reglas de xogos. - Comprehension de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantis) con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, localizando informacións destacadas en grandes titulares, entradas, portadas... - Comprehension de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto nos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descripcións, instruccións e explicacións). - Integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información (identificación, clasificación, comparación, interpretación). - Utilización dirixida das tecnoloxías da información e a comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita. - Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia. <p>Composición de textos escritos</p> |
|---|

- Composición, de textos propios de situacíons cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes...) conforme as características propias destes xéneros.
 - Composición de textos de información e opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, en situacíons simuladas ou reais.
 - Composición de textos propios do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestiónarios, resumos, informes sínxelos, descripcións, explicacións...)
 - Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a compresión (ilustracións, gráficos e tipografía).
 - Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e reelaboración da información e dos coñecementos.
 - Utilización guiada de programas informáticos de procesamiento de texto.
 - Interese polo coñecido e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Bloque 3. Educación literaria**
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e intereses.
 - Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual en diferentes soportes.
 - Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de escolha de temas e textos e de expresión das preferencias persoais.
 - Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de desfrute persoal.
 - Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
 - Comprensión, memorización e recitación de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuadas.
 - Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimientos, emocions, estados de ánimo ou lembranzas, reconhecendo as características dalgúns modelos.
 - Dramatización de situacións e textos literarios.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua**
- Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas do intercambio comunicativo.
 - Identificación de estruturas narrativas, instrutivas, descriptivas e explicativas sínxetas para a comprensión e composición.
 - Recoñecemento das diferenças más relevantes entre a lingua oral e escrita.
 - Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinxirse a elas nos escritos.
 - Consciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.
 - Coñecemento da diversidade lingüística de España e valoración positiva desta riqueza.
 - Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalingüaxe.
- Reflexión, uso e definición intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de producción e interpretación: denominación dos textos con que se traballou; enunciado, palabra e sílabas; xénero e número; determinantes; tempo verbal (presente, futuro, pasado).
- Recoñecemento das relacíons entre as palabras pola forma (flexión, composición e derivación) e polo significado (sinónimos e antónimos), en relación coa comprensión e composición de textos.
- Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracíons do significado.
- Inserción e coordinación de oracíons como instrumento na mellora da composición escrita.
- Exploración e reflexión sobre as posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracíons (adición, causa, oposición, contradición,...) en relación coa composición de textos.
- Recoñecemento das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.
- Identificación dos constituyentes fundamentais da oración, suxeito e predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente, etc.)
- Criterios de avaliación*
1. Participar nas situacións de comunicación da aula, respectando as normas do intercambio: esperar a vez de palabra, escutar, expor con claraza, entoar adequadamente.
- Con este criterio tentase avaliar tanto a capacidade para intervenir nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula, como a actitude con que se participa nelas. Convén advertir que as devanditas competencias teñen unha estreita relación coa capacidade para observar as situacións comunicativas -finalidade, numero de participantes, lugar onde se produce o intercambio, ... - e para determinar as súas características de forma cada vez máis consciente e proceder de maneira adecuada a cada contexto. No mesmo sentido valorarase se se é capaz de establecer relacións harmónicas cos demás, incluíndo a habilidade para iniciar e sostener unha conversa.
2. Expressarse de forma oral mediante textos que presenten de xeito sínxelo e coerente coñecementos, ideas, feitos e vivencias.
- Este criterio debe avaliar a competencia para expresarse de forma coerente en diversas situacións e para utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe e de regulación da conducta. Observarase se poden comunicar coñecementos e opinións, usando o léxico, as fórmulas lingüísticas, a entoación e a pronuncia adecuadas.
3. Captar o sentido de textos orais de uso habitual, reconhecendo as ideas principais e secundarias.
- Con este criterio quérrese avaliar a competencia para obter, seleccionar e relacionar información relevante procedente de situacións habituais na aula, que se producen tanto para relacionarse coma para aprender, e as que se dan no ámbito social (familia, radio, TV...)
- Este criterio quere avaliar tamén se desenvolveron certa competencia para reflexionar sobre os mecanismos de comprensión dos textos e sobre a utilidade para aprender a aprender que a reflexión sobre os procedementos utilizados comporta.
4. Localizar e recuperar información explícita e realizar inferencias directas na lectura de textos.
- Con este criterio preténdese valorar se son capaces de detectar e entender información ou ideas relevantes explícitas nos textos -cartas no ámbito escolar, normas de clase, regras de xogo, noticias, cartas ao director, textos escolares- ben como transceder o significado superficial para extraer inferencias directas baseadas no texto: acontecementos predecibles, deducir o propósito dos textos ou identificar algunas xeneralizaciones efectuadas no texto.
- Nos textos literarios, débese avaliar a identificación das ideas principais dalgúns poemas -cando están indicadas expresamente-, a capacidade para reconecer o conflito nun conto, a habilidade para

comprender as relacions entre os personaxes das historias -cando non aparecen de xeito explícito- ou a anticipaciónalguns acontecementos. Tamén se deben avaliar as destrezas para utilizar determinados aspectos non estruturais textuais que axuden á identificación das ideas principais: tipografía en grandes titulares ou entradas, en portadas; sublinhados, letras grosas en epígrafes e outros lugares destacados dos textos; etc.

5. Interpretar e integrar as ideas propias coa información contida nos textos de uso escolar e social, e mostrar a comprensión a través da lectura en voz alta.

Con este criterio quérese comprobar se os nenos e nenas utilizan as súas experiencias e coñecementos para establecer relacions entre as ideas e a información do texto. Deben ser capaces de utilizar estratexias de comprensión (ser consciente do propósito da lectura, utilizar indicadores textuais e contextuais para formular e probar conxecturas...) e estratexias para resolver as dubidas que se presenten (avançar e retroceder, consultar un dicionario ou procurar información complementaria).

Tamén se avalia a comprensión a través da lectura en voz alta, que se debe realizar xa con certa seguranza, sen titubeos, repeticións ou saltos de palabras. É importante asegurar neste ciclo que a descodificación se realiza adecuadamente e de forma fluida.

6. Redactar, reescibir e resumir diferentes textos significativos en situacions cotiás e escolares, de forma ordenada e adecuada, utilizando a planificación e revisión dos textos, coidando as normas gramaticais e ortográficas e os aspectos formais, tanto en soporte papel como dixital.

Trátase de avaliar a capacidade para redactar os textos propios das relacions interpersonais na aula - cartas, normas de convivencia, avisos, solicitudes-, ben como outros propios dos medios de comunicación social, referidos a feitos próximos á súa experiencia. De xeito especial débease avaliar a capacidade para elaborar textos que permiten progresar na autonomía para aprender -resumos, descripcións ou explicacións-.

No ámbito literario, avaliarse a capacidade para recrear, imitar poemas ou relatos, utilizando determinados recursos como a rima ou o ritmo, de xeito intuitivo, nos poemas. Este criterio debe verificar que a producción de textos escritos se realiza de acordo cos pasos propios deste proceso (planificación, escritura do texto, revisión) e que valoran a utilidade de seguilos para lograr un texto más completo e adecuado á intención comunicativa.

En todos os escritos se avaliará o uso das normas ortográficas básicas, ben como a presentación clara, limpia e ordenada. Nestes procesos convén avaliar a habilidade no uso dos medios informáticos para a elaboración e a presentación de textos.

7. Coñecer textos literarios da tradición oral e da literatura infantil adecuados ao ciclo ben como as características básicas da narración e a poesía, coa finalidade de apoiar a lectura e a escritura destes textos.

Este criterio avalia a capacidade de disfrutar de forma cada vez máis autónoma con textos literarios adecuados á idade e intereses do ciclo, de comprender o sentido destes grazas á interpretación dasgunhas convencións específicas, como os temas recorrentes, os elementos do relato literario e a rima. Hai que avaliar igualmente a actitude positiva cara á lectura como actividade propia da vida cotiá. Valorarase a capacidade de explorar recursos expresivos e creativos simples, seguindo modelos, en tarefas de dramatización, recreación

8. Usar a biblioteca da aula e do centro, coñecer os mecanismos da súa organización e do seu funcionamento e as posibilidades que ofrece.

Este criterio debe avaliar a participación nas actividades de lectura nas bibliotecas, a autonomía de uso, o coñecemento dos procedementos básicos e mecanismos de organización e selección dos diferentes materiais, ben como as posibilidades que lle ofrece cada un deles. Tamén se valorará a adquisición de hábitos de lectura por bracer, de respecto polas normas de uso e a actitude colaboradora no bo funcionamento da biblioteca.

9. Identificar algúns cambios que se producen nas palabras, os enunciados e os textos ao realizar segmentación, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.

Trátase de avaliar a habilidade para observar e reconecer os efectos que inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición producen nos enunciados e nos textos, de modo que se identifiquen tanto os problemas na escritura e na expresión oral como a orixe de determinadas dificultades na comprensión e se utilice esta reflexión na mellora das devanditas actividades.

Os devanditos procedementos de análise deben permitir considerar o texto de maneira crítica; reflexionar sobre o contido e avalialo; considerar e avaliar a súa estrutura, o uso da lingüaxe, os recursos literarios, ou o punto de vista e o oficio do autor.

10. Comprender e utilizar a terminoxía grammatical e lingüística propia do ciclo nas actividades de producción e comprensión de textos.

Este criterio tenta comprobar que adquiriron os coñecementos gramaticais básicos e saben utilizar a terminoxía apropiada para referirse a eles (denominacións dos textos, tempos do verbo -presente, futuro, pasado-, determinantes, artigo, quantificadores, prefixos, sufixos, palabras derivadas, sinónimos e antónimos, etc.) Débese valorar tamén o uso desta terminoxía para falar sobre o funcionamento da lingua e como apoio para explicar e reflexionar sobre o que se aprendeu.

Terceiro ciclo

Contidos

Bloque 1. Escolitar, falar e conversar

- Participación e cooperación en situacions comunicativas de relación social especialmente as destinadas a favorecer a convivencia (debates ou dilemas morais destinados a favorecer a convivencia), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, paperis diversos no intercambio, ton de voz, posturas e xeostos adecuados).
- Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet con especial incidencia na noticia, a entrevista, a reportaxe infantil e os debates e comentarios de actualidade, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e distinguindo información de opinión.
- Producción de textos orais propios dos medios de comunicación social mediante simulación ou participación para ofrecer e compartir información e opinión.
- Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias doutras persoas.
- Comprensión e producción de textos orais para aprender e para se informar, tanto dos producidos con finalidade didáctica como dos de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións de clase, entrevistas ou debates).
- Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, seleccionar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender (identificación, clasificación, comparación).
- Actitude de cooperación e de respecto en situacions de aprendizaxe compartida.
- Interese por se expresar oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.
- Utilización da lingua para tomar consciencia das ideas e os sentimientos propios e dos demás e para regular a propia conduta, empregando unha lingüaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

Bloque 2. Ler e escribir

Comprensión de textos escritos

- Comprensión da información relevante en textos propios das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo ou regulamentos.

- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) con especial incidencia na noticia, a entrevista e as cartas ao director, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.
 - Comprensión de textos do ámbito escolar, en soporte papel ou dixital, para aprender e para informarse, tanto dos producidos con finalidade didáctica como dos de uso social (folletos informativos ou publicitarios, prensa, programas, fragmentos literarios).
 - Actitude crítica ante as mensaxes que supoñen calquera tipo de discriminación.
 - Integración de coñecementos e informacions procedentes de diferentes soportes para aprender (comparación, clasificación, identificación e interpretación) con especial atención aos datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e outras ilustracións.
 - Utilización dirixida das tecnoloxías da información e a comunicación para a localización, selección e organización de información.
 - Uso das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de forma cada vez máis autónoma, para obter información e modelos para a produción escrita.
 - Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.
- Composición de textos escritos**
- Composición de textos propios de situaciones cotiás de relación social (correspondencia, normas, programas, convocatorias, plans de traballo,...) de acordo coas características propias dos devanditos xéneros.
 - Composición de textos de información e opinión propios dos medios de comunicación social sobre feitos e acontecementos significativos con especial incidencia na noticia, a entrevista, a recensión de libros ou de música,..., en situacións simuladas ou reais.
 - Composición de textos propios do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información. (cuestiónarios, encuestas, resumos, esquemas, informes, descripcións, explicacións,...)
 - Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas e tipografía).
 - Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e reelaboración da información e dos coñecementos.
 - Utilización progresivamente autónoma de programas informáticos de procesamiento de texto.
 - Interese polo coñado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.
- Bloque 3. Educación literaria**
- Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e intereses.
 - Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual en diferentes soportes.
 - Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras,...), e a presenza de certos temas e motivos recurrentes.
 - Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de escolha de temas e textos e de expresión das preferencias persoais.
 - Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempose e culturas, como feito cultural e como recurso de desfrute persoal.
 - Uso da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.
- Comprehension, memorización e recitación de poemas co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuadas.**
- Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimientos, emocións, estados de ánimo ou lembranzas, reconhecendo as características dalgúns modelos.
- Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua**
- Identificación das relacions entre os elementos do contexto de situación e as formas lingüísticas en que se manifiestan nos discursos orais e escritos.
 - Reconocemento de estruturas narrativas, instrutivas, descriptivas e explicativas para a comprensión e composición.
 - Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinxirse a elas nos escritos.
 - Utilización de procedementos de derivación, comparación, contraste,..., para xulgar a corrección das palabras e xeneralizar as normas ortográficas.
 - Localización das linguis de España e valoración positiva desta riqueza lingüística, evitando os prejuizos sobre as linguis e os seus falantes.
 - Comparación e transformación de enunciados mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.
 - Reflexión, uso e definición intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de producción e interpretación: denominación dos textos con que se traballou; sílaba tónica e átona; enunciado: frase e oración; tipos de enunciados; declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces; preposición e conxunión; grupo de palabras; núcleo e complemento; adjetivo, tempo verbal (pretérito indefinido, pretérito imperfecto e pretérito perfecto); persona gramatical; modo imperativo e infinitivo; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.
 - Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.
 - Inserción e coordinación de oracions como procedementos propios da explicación.
 - Exploración e reflexión sobre as posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracions (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición, ...) en relación coa composición de textos.
 - Identificación dos constituyentes fundamentais da oración, suxeito e predicado.
 - Transformación de oracions de activa en pasiva e viceversa, coa finalidade de construir os conceptos de axente e obxecto para a comprensión de determinados textos.
 - Utilización do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.
- Criterios de avaliación**
1. Participar nas situacións de comunicación da aula, respectando as normas do intercambio: esperar a vez de palabra, organizar o discurso, escutar e incorporar as intervencións dos demás.
- Con este criterio tentase avaliar tanto a capacidade para intervir nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula como a actitude con que se participa nelas. Conven advertir que estas competencias requieren capacidade para observar as situacións comunicativas - finalidade, número e características dos participantes, lugar onde se produce o intercambio... - e para determinar as suas características, de forma consciente, e proceder de maneira adecuada a

cada contexto. Debe ser tamén obxecto de valoración a habilidade para iniciar, sostener e finalizar conversas.

2. Expresarse de forma oral mediante textos que presenten de xeito coherente conocementos, feitos e opinións.
- Este criterio debe avaliar se se expresan de forma organizada e coherente, segundo o xénero e a situación de comunicación. Deben ser capaces de seleccionar os contidos relevantes e expresálos usando o léxico, as fórmulas adecuadas e os recursos propios destas situacions, como ton de voz, postura e xestos apropiados. Débese valorar a capacidade de producir de forma oral relatos e exposicións de clase, ben como a de explicar en voz alta as reflexións sobre os aspectos que se aprenden.

3. Captar o sentido de textos orais, reconociendo as ideas principais e secundarias e identificando ideas, opinións e valores non explícitos.

Trátase de avaliar a competencia para obter, seleccionar e relacionar informacions procedentes dos medios de comunicación e do contexto escolar, especialmente as de tipo espacial, temporal e de secuencia lóxica.

- Igualmente pretende avaliar se son capaces de aprender além do sentido literal do texto e de realizar deducións e inferencias sobre o seu contido, de distinguir información e opinión e de interpretar algúns elementos implícitos como a ironía ou o dobre sentido. Así mesmo, quérrese avaliar se desenvolveron certa competencia para reflexionar sobre os mecanismos de comprensión dos textos e a utilidade para aprender a aprender que comporta a reflexión sobre os procedementos utilizados.
4. Localizar e recuperar información explícita e realizar inferencias na lectura de textos determinando os propósitos principais destes e interpretando o dobre sentidoalgúns.

Este criterio quere avaliar se son capaces de buscar, localizar e seleccionar información ou ideas relevantes que aparecen explícitas nos textos -convocatorias, programas de actividades, plans de traballo- actuando de modo acorde co que nelas se indica; informarse sobre feitos próximos á sua experiencia nos medios de comunicación, utilizando a lectura rápida de grandes titulares e entradas para anticipar o contido global; utilizar o subíndiceado e outras técnicas para determinar as ideas principais e as secundarias explícitas nos textos escolares.

Tamén se debe avaliar a capacidade para transcender o significado superficial e extraer inferencias directas; inducir acontecementos predecibles, deducir o propósito dos textos ou identificar algunas xeneralizacions, mesmo captar o dobre sentido ou as ironías.

Nos textos literarios, débese avaliar a identificación das ideas principais dalgúns poemas ou a capacidade para seguir relatos non lineais, e tamén a habilidade para comprender as relacións entre os personaxes das historias cando 'non' aparecen explícitos ou anticipar determinados acontecementos

5. Interpretar e integrar as ideas propias coas contidas nos textos, comparando e contrastando informacions diversas, e mostrar a comprensión a través da lectura en voz alta.

Este criterio de avaliación pretende constatar que alumnos e alumnas son capaces de manexar con progresiva autonomía informacions contidas en textos diversos, ben como de incorporar á actividade lectora estratexias de comprensión como identificar o propósito do escrito, utilizar indicadores textuais, avanzar e retroceder, consultar en diccionarios, ou procurar información complementaria).

Este criterio pretende tamén avaliar tanto a comprensión a través da lectura en voz alta, que se debe realizar xa con fluidez e entoación adecuadas, como a lectura silenciosa, valorando o progreso na velocidade e a comprensión.

6. Narrar, explicar, describir, resumir e expor opinións e informacions en textos escritos relacionados con situacions cotiás e escolares, de forma ordenada e adecuada, relacionando os enunciados entre si, usando de forma habitual os procedementos de planificación e revisión dos textos ben como as

normas gramaticais e ortográficas e coidando os aspectos formais tanto en soporte papel como digital.

2. Expresarse de forma oral mediante textos que presenten de xeito coherente conocementos, feitos e opinións.
- Este criterio tenta verificar que son capaces de se expresar por escrito de forma coherente e segundo os pasos propios do proceso de producción dun escrito (planificación, escritura do texto, revisión). Deberán ser capaces de producir textos propios das relacións interpersoais na aula - cartas, normas, programas de actividades, convocatorias, plans de traballo colectivos-, dos medios de comunicación social referidos a feitos próximos á súa experiencia -noticia, entrevista, recensión de libros ou de música, carta ao director-, ben como os de uso habitual noutras áreas de aprendizaxe. De xeito especial, débese avaliar a capacidade para elaborar os textos que permiten progresar na autonomía para aprender -resumos, esquemas, informes, descripcións, explicacións-.

No ámbito literario, avaliárase a capacidade para recrear poemas ou relatos utilizando determinados recursos como a rima ou o ritmo nos poemas.

En todos os escritos, tanto en papel como en soporte digital, se avaliará a automatización das normas ortográficas de aparición frecuente e a resolución de dubidas ortográficas mediante a utilización dos apoios pertinentes (diccionarios, apuntamentos,...)

7. Coñecer textos literarios da tradición oral e da literatura infantil adecuados ao ciclo ben como as características da narración e a poesía, coa finalidade de apoiar a lectura e a escritura deses textos.

Este criterio avalia a capacidade de disfrutar de forma autónoma cos textos literarios adecuados á idade e ao ciclo, de comprender o sentido destes grazas á interpretación dalgúnhas convencións específicas, como os temas recorrentes, os elementos do relato literario, a rima, a medida, as comparacions e a metáfora. Hai que avaliar igualmente a iniciativa e a adquisición dunha actitude positiva cara á lectura. Valorárase a capacidade de usar recursos expresivos e creativos en tarefas de dramatización, recreación ou memorización de poemas e outros textos.

8. Utilizar as bibliotecas, videoteca, etc. e comprender os mecanismos e procedementos de organización e selección de obras e outros materiais. Colaborar no coidado e mellora dos materiais bibliográficos e outros documentos disponíveis na aula e no centro.

Neste criterio avaliase se son capaces de usar as bibliotecas ao seu alcance de forma activa e autónoma, se desenvolveron o gusto pola lectura e as actitudes e procedementos necesarios para seren usuarios habituais destas. Débese valorar tamén o conhecemento do funcionamento e organización das bibliotecas, ben como a capacidade de colaborar no seu mantemento e coidado.

9. Identificar cambios que se producen nas palabras, os enunciados e os textos ao realizar segmentacións, cambios na orde, supresións e insercións que fan mellorar a comprensión e a expresión oral e escrita.

Trátase de avaliar a habilidade para observar e recoñecer os efectos que inserción, supresión, cambio de orde, segmentación, recomposición, producen nos enunciados e nos textos, de modo que se identifiquen tanto os problemas na escritura e na expresión oral como a orixe de determinadas dificultades na comprensión e se utilice esta reflexión na mellora das devanditas actividades.

10. Comprender e utilizar a terminoloxía gramatical e lingüística básica nas actividades de producción e comprensión de textos.

Este criterio tenta comprobar se se adquiriron os coñecementos gramaticais básicos sobre a lingua. Preténdese constatar que empregan estas aprendizaxes na realización e revisión dos seus textos para lograr unha mellor comunicación. Así mesmo, valorárase o uso da terminoloxía que permite discutir algúns problemas lingüísticos, ordenar as observacións realizadas e explicar o que se aprendeu. Ao final da etapa estes contidos inclúen as denominacións dos textos, os elementos que constitúen os enunciados, o coñecemento das distintas clases de palabras (nome, adjetivo, verbo,

etc.) e nocións básicas sobre como están formadas (variacións de xénero e número, de tempo, número e persoa, prefíxos e sufíxos frecuentes, etc.)

Lingua estranxeira

A mellora substancial dos medios de comunicación, xunto ao desenvolvemento e extensión das tecnoloxías da información e a comunicación, propiciaron un incremento das relacións internacionais sen precedente. Por tanto, na sociedade do século XXI hai que preparar alumnos e alumnas para viviren nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe. Ademais, o noso país encóntrase comprometido como membro da Unión Europea no fomento do coñecemento das doutras lingua scomunitarias. Polo seu lado, o Consello de Europa no *Marco común europeo de referencia para as lingua*: *aprendizaxe, ensino, avaliación, establece directrices tanto para a aprendizaxe de lingua como para a valoración da competencia nas diferentes lingua dun falante.*

A área de lingua estranxeira ten como obxecto formar persoas que a poidan utilizar para comprender, falar e conversar, ler e escribir, polo que o seu uso debe ser o punto de partida desde o inicio da aprendizaxe. Na educación primaria pártese dunha competencia ainda moi elemental na lingua estranxeira, por iso, durante toda a etapa, serán de grande importancia os coñecementos, capacidades e experiencias nas lingua que nenos e nenas coñecen para comprender e construir significados, estruturas e estratexias durante a súa participación en actos de comunicación. A comprensión das diferentes situacións de comunicación e o coñecemento da estrutura dos textos axudarao a identificar e adquirir os elementos lingüísticos concretos presentes nun acto comunicativo determinado.

A escasa presenza das lingua estranxeiras no ambiente é un factor condicionante que fai que a maioría das oportunidades de aprendizaxe se dean so no ámbito escolar. Normalmente é a situación concreta da clase de lingua estranxeira o único lugar en que a comunicación nesa lingua se pode levar a cabo e, por tanto, a súa aprendizaxe. Esta circunstancia fai necesaria a inclusión de contidos que incorporan situacións de comunicación propias de ámbitos diversos, ademais do académico, especialmente os das relacións sociais, os medios de comunicación e, coas lóxicas adaptacións, o literario.

O eixe da área de lingua estranxeira neste currículo constituio os procedementos dirixidos á consecución dunha competencia comunicativa efectiva oral e escrita, en contextos sociais significativos, que permita expresarse con progresiva eficacia e corrección e que abrange todos os usos e rexistros posibles.

Os contidos do bloque 4, *Tratamento da información, azar e probabilidade*, adquieren o seu pleno significado cando se presentan en conexión con actividades que implican outras áreas de coñecemento. Igualmente o traballo debe incidir de forma significativa na comprensión das informacions dos medios de comunicación, para suscitar o interese polos temas e axudar a valorar o beneficio que os coñecementos estatísticos proporcionan ante a toma de decisións, normalmente sobre cuestiós que estudan outras áreas. Teñen especial importancia no bloque os contidos actitudinais, que favorecen a presentación dos datos de forma ordenada e gráfica, e permiten descubrir que as matemáticas facilitan a resolución de problemas da vida diaria. Pola súa vez, os contidos deste bloque deben iniciar no uso crítico da información recibida por diferentes medios.

Contribución da área ao desenvolvimento das competencias básicas

Os contidos da área orientanse de xeito prioritario a garantir o mellor desenvolvimento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos, o que inclue a maior parte dos coñecementos e das destrezas imprescindibles para iso. Cómprase remarcar, no entanto, que a contribución á competencia matemática se logra na medida en que a aprendizaxe dos devanditos contidos vai dirixida precisamente á súa utilidade para se enfrentar ás múltiples ocasións en que nenos e nenas empregan as matemáticas fóra da aula.

O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe á competencia no coñecemento e interacción co mundo físico porque fai posible unha mellor comprensión e unha descripción más axustada do medio. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), os nenos e as nenas melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de grande utilidade no emprego de mapas, planificación de rutas, deseño de planos, elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e aumentáronse as posibilidades de interactuar con ea e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do medio. Por último, a destreza na utilización de representacións gráficas para interpretar a información fornecida unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

As matemáticas contribúen á adquisición da competencia en *tratamento da información e competencia díxital*, en varios sentidos. Por un lado, porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de os expresar, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra banda, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente *tratamento da información* contribúese á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. En menor escala, a iniciación ao uso de calculadoras e de ferramentas tecnoloxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenvolvemento da competencia díxital.

Os contidos asociados á resolución de problemas constitúen a principal achega que a área pode facer á *autonomía e iniciativa persoal*. A resolución de problemas ten, polo menos, tres vertentes complementarias asociadas ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A planificación está aquí asociada á comprensión en detalle da situación suscitada para trazar un plan e buscar estratexias e, en definitiva, para tomar decisiones; a xestión dos recursos inclúe a optimización dos procesos de resolución; pola súa parte, a avaliación periódica do proceso e a valoración dos resultados permite facer fronte a outros problemas ou situacionns con maiores posibilidades de éxito. Na medida en que o ensino das matemáticas incida nestes procesos e se presenten situacións abertas, verdadeiros problemas, mellorarase a contribución da área a esta competencia. Actitudes asociadas coa confianza na propia capacidade para se enfrentar con éxito a situacións incertas están incorporadas a través de diferentes contidos do currículo.

O carácter instrumental dunha parte importante dos contidos da área proporciona valor para o desenvolvemento da competencia para aprender a aprender. A miúdo é un requisito para a aprendizaxe a posibilidade de utilizar as ferramentas matemáticas básicas ou comprender

informacions que utilizan soportes matemáticos. Para o desenvolvemento desta competencia é tamén necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza e o esforzo para abordar situacións de creciente complexidade, a sistemática, a ollada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo. Por último, a verbalización do proceso seguido na aprendizaxe, contido que aparece con frecuencia neste currículo, axuda á reflexión sobre o que se aprendeu, o que falta por aprender, como e para que, o cal potencia o desenvolvemento de estratexias que facilitan aprender a aprender.

Para fomentar o desenvolvemento da competencia en *comunicación lingüística* desde a área de matemáticas débese insistir en dous aspectos. Por unha parte a incorporación do esencial da linguaaxe matemática á expresión habitual e a adecuada precisión no seu uso. Por outro lado, é preciso incidir nos contidos asociados á descripción verbal dos razoamentos e dos procesos. Trátase tanto de facilitar a expresión como de propiciar a escolta das explicacións dos demás, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas.

As matemáticas contribúben á competencia en *expresión cultural e artística* mediante a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas.

A contribución á competencia social e cidadá refirese, como noutras áreas, ao traballo en equipo que en matemáticas adquire unha dimensión singular se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

Obxectivos

O ensino das matemáticas nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Utilizar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacions e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.

2. Recoñecer situacións do seu medio habitual para cuxa comprensión ou tratamento se requiran operacións elementais de cálculo, formululas mediante formas sintéticas de expresión matemática ou resolvelas utilizando os algoritmos correspondentes, valorar o sentido dos resultados e explicar oralmente e por escrito os procesos seguidos.

3. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, disfrutar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na procura de soluciones.

4. Coñecer, valorar e adquirir seguranza nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas, que permitan disfrutar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.

5. Elaborar e utilizar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e medida, ben como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.

6. Utilizar de forma adecuada os medios tecnolóxicos tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.

7. Identificar formas xeométricas do ámbito natural e cultural, utilizando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.

8. Utilizar técnicas elementais de recolla de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do seu ámbito; representala de forma gráfica e numérica e formar un xuizo sobre esta.

<i>Primeiro ciclo</i>	- Estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades,...) en contextos familiares. Explícacion oral do proceso seguido e da estratexia utilizada na medición.
<i>Confidós</i>	- Resolución de problemas de medida explicando o significado dos datos, a situación presentada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
Bloque 1. Números e operacións	
<i>Números naturais</i>	- Contaxe, medida, ordenación e expresión de cantidades en situacions da vida cotiá.
	- Lectura e escritura de números. Graña, nome e valor de posición de números até tres cifras.
	- Utilización dos números ordinais.
	- Orde e relacións entre números. Comparación de números en contextos familiares.
<i>Operacións</i>	- Utilización en situacions familiares da suma para xuntar ou engadir; da resta para separar ou quitar; e da multiplicación para calcular número de veces.
	- Expresión oral das operacións e o cálculo.
	- Disposición para utilizar os números, as súas relacións e operacións para obter e expresar información, para a interpretación de mensaxes e para resolver problemas en situacions reais.
<i>Estratexias de cálculo</i>	- Cálculo de sumas e restas utilizando algoritmos estándar.
	- Construcción das táboas de multiplicar do 2, 5 e 10 apoíándose en número de veces, suma repetida, disposición en cuadriculas... .
	- Desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental para a busca do complemento dun número á decena inmediatamente superior, para o cálculo de dobles e metades de cantidades e para resolver problemas de sumas e restas.
	- Cálculo aproximado. Estimación e arredondamento do resultado dun cálculo até a decena máis próxima escollendo entre varias solucións e valorando as respuestas razonables.
	- Familiarización co uso da calculadora para a xeración de series e composición e descomposición de numeros.
	- Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o significado dos datos, a situación presentada, o proceso seguido e as solucións obtidas.
	- Confianza nas propias posibilidades, e curiosidade, interesse e constancia na procura de soluciones.
	- Gusto pola presentación ordenada e limpia dos cálculos e os seus resultados.
<i>Bloque 2. A medida: estimación e cálculo de magnitudes</i>	- Comparación ordenada e limpia dos cálculos e os seus resultados.
<i>Longitude, peso/masa e capacidade</i>	- Comparación de obxectos segundo lonxitude, peso/masa ou capacidade, de maneira directa ou indirecta.
	- Medición con instrumentos e estratexias non convencionais.
	- Utilización de unidades usuais e instrumentos convencionais para medir obxectos e distancias do contorno.
<i>Gráficos estadísticos</i>	- Descripción verbal, obtención de información cualitativa e interpretación de elementos significativos de gráficos sinxelos relativos a fenómenos próximos.

- Utilización de técnicas elementais para a recolla e ordenación de datos en contextos familiares e próximos.
 - Carácter aleatorio dalgúndhas experiencias
 - Distinción entre o imposible, o seguro e aquilo que é posible pero non seguro, e utilización na linguaaxe habitual, de expresións relacionadas coa probabilidade.
 - Participación e colaboración activa no traballo en equipo e a aprendizaxe organizada a partir da investigación sobre situacións reais. Respecto polo traballo dos demais.
- Criterios de avaliación*
1. Formular problemas sínxelos nos cales se precise contar, ler e escribir números até o 999.
Este criterio pretende comprobar a capacidade de aplicar a situacións inventadas os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números. Avaliarase a capacidade para interpretar e emitir informacións en situacións familiares empregando números até o ámbito do millar. Igualmente, preténdese valorar o domínio sobre o valor de posición que teñen os números, na orde de magnitude indicada, no sistema decimal de numeración e a capacidade de numeración e a capacidade de asociar escritura cifrada e denominacións orais.
 2. Comparar cantidades pequenas de obxectos, feitos ou situacións familiares, interpretando e expresando os resultados da comparación, e ser capaces de arredondar até a decena máis próxima.
Trátase de apreciar a capacidade para estimar cantidades pequenas de obxectos, de forma oral ou mediante escritura cifrada, como etapa previa ao cálculo exacto. Unha vez realizada a contaxe ou a operación, débese valorar a capacidade de contraste coa estimación previa. Así mesmo, valorarase se saben arredondar, escollendo entre as respuestas razoables o resultado dun cálculo até a decena máis proxima.
 3. Realizar, en situacións cotiás, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma, resta e multiplicación, utilizando procedementos diversos e estratexias persoais.

Este criterio tenta comprobar a capacidade de utilizar nos cálculos de sumas, restas e multiplicacións, a estrutura do sistema decimal de numeración, mostrando flexibilidade á hora de escoller o procedemento máis conveniente. Débese prestar especial atención á capacidade para desenvolver estratexias propias do cálculo mental en contextos habituais. Valorarase tamén a aplicación intuitiva das propiedades das operacións e a capacidade de explicar oralmente os razoamentos.

4. Medir obxectos, espazos e tempos familiares con unidades de medida non convencionais (palmos, pasos, baldosas...) e convencionais (quilogramo; metro, centímetro; litro; dia e hora), utilizando os instrumentos ao seu alcance máis adecuados en cada caso.
5. Describir a situación dun obxecto do espacio próximo, e dun desprazamento en relación a un mesmo, utilizando os conceptos de esquerda-dereita, diante-detrás, enriba-embaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.

Este criterio pretende valorar a capacidade para medir obxectos e espazos do seu contorno, usando unidades de medida non convencionais e convencionais e ponderando a escolha dos diversos instrumentos de medida en función das características do que se mide e tendo en conta a unidade de medida en que se expresan os resultados.

6. Reconñecer no contorno inmediato obxectos e espazos con formas rectangulares, triangulares, circulares, cúbicas e esféricas.

Este criterio pretende valorar a capacidade de reconñecer no contorno as formas xeométricas planas ou espaciais máis elementais. É importante valorar a capacidade de recibir e emitir informacións de modo oral ou escrito sobre os espazos familiares, utilizando con propiedade os termos xeométricos propios do criterio.

7. Realizar interpretacións elementais dos datos presentados en gráficas de barras. Formular e resolver sínxelos problemas nos cales interveña a lectura de gráficos.

Con este criterio tentase valorar a capacidade de interpretar gráficos sínxelos de situacións familiares e verificar a habilidade para reconñecer graficamente informacións cuantificables. Tamén se pretende avaliar se os nenos e as nenas están familiarizados con conceptos e termos básicos sobre o azar: seguro, posible, imposible...

8. Resolver problemas sínxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá, seleccionando as operacións de suma e resta e utilizando os algoritmos básicos correspondentes ou outros procedementos de resolución. Explícitar oralmente o proceso seguido para resolver un problema.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade de seleccionar e aplicar a operación adecuada á situación problemática que se debe resolver. É, así mesmo, importante observar a capacidade de empregar máis dun procedemento e a madureza que se manifiesta na expresión oral e escrita do proceso de resolución.

Segundo ciclo

Contidos

Bloque 1. Números e operacións

Números naturais e fraccións

- Sistema de numeración decimal. Valor de posición das cifras. O seu uso en situacións reais.
- Orde e relación entre os números. Notación.
- Números fraccionarios para expresar partícions e relacóns en contextos reais, utilización do vocabulario apropiado.
- Comparación entre fraccións sínxelas: mediante ordenación e representación gráfica.

Operacións

- Utilización en situacións familiares da multiplicación como suma abreviada, en disposicións rectangulares e problemas combinatorios.
- Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar.
- Interese para a utilización dos números e o cálculo numérico para resolver problemas en situacións reais, explicando oralmente e por escrito os procesos de resolución e os resultados obtidos.

Estratexias de cálculo

- Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción e memorización das táboas de multiplicar.
- Utilización de estratexias persoais de cálculo mental.
- Estimación do resultado dunha operación entre dous números, valorando se a resposta é razonable.
- Utilización da calculadora na resolución de problemas da vida cotiá, decidindo sobre a conveniencia de usar en función da complexidade dos cálculos.
- Confianza nas propias posibilidades e constancia para utilizar os números, as súas relacións e operacións para obter e expresar informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.

- Interese pola presentación limpia, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.
 - Disposición para desenvolver aprendizaxes autónomas en relación cos números, as súas relacións e operacións.
 - Bloque 2. A medida: estimación e cálculo de magnitudes**
 - Realización de medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais en contextos cotiáns.
 - Unidades de medida convencionais: múltiplos e submúltiplos de uso cotián, utilización en contextos reais. Escolla da unidade máis adecuada para a expresión dunha medida.
 - Comparación e ordenación de unidades e cantidades dunha mesma magnitude.
 - Elaboración e utilización de estratexias persoais para medir.
 - Estimación de medidas de obxectos da vida cotiá.
 - Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada na medición.
 - Interese por coñecer e utilizar a medida e por expresar os resultados numéricos das medicións manifestando as unidades utilizadas e explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
 - Medida do tempo**
 - Unidades de medida do tempo: lectura no reloxo analóxico e digital.
 - Confianza nas propias posibilidades e por compartir cos demás os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para resolver problemas en situacións reais.
 - Interese pola presentación limpia e ordenada do proceso e a expresión de medidas.
 - Bloque 3. Xeometría**
 - A situación no espazo, distancias, ángulos e xiros
 - Representación elemental de espazos conéxidos: planos e maquetas. Descripción de posicións e movementos nun contexto topográfico.
 - As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas paralelas.
 - Formas planas e espaciais**
 - Identificación de figuras planas e espaciais na vida cotiá.
 - Clasificación de polígonos. Lados e vértices.
 - A circunferencia e o círculo.
 - Os corpos xeométricos: cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros. Arestas e faces.
 - Descripción da forma de obxectos utilizando o vocabulario xeométrico básico.
 - Construcción de figuras xeométricas planas a partir de datos e de corpos xeométricos a partir dun desenvolvemento. Exploración de formas xeométricas elementais.
 - Comparación e clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios.
 - Comparación e clasificación de ángulos.
 - Regularidades e simetrias
- Transformacións métricas: translacións e simetrias.
 - Interese pola elaboración e pola presentación coiddosa das construcións xeométricas.
 - Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos. Colaboración activa e responsable no traballo en equipo.
 - Confianza nas propias posibilidades e constancia para utilizar as construcións xeométricas e os obxectos e as relacións espaciais.
 - Bloque 4. Tratamento da información, azar e probabilidade**
 - Gráficos e táboas
 - Táboas de datos. Iniciación ao uso de estratexias eficaces de contaxe de datos.
 - Recolla e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisa, observación e medición.
 - Lectura e interpretación de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.
 - Interpretación e descripción verbal de elementos significativos de gráficos sinxelos relativos a fenómenos familiares.
 - Disposición á elaboración e presentación de gráficos e táboas de forma ordenada e clara.
 - Carácter aleatorio de algunas experiencias**
 - Valoración dos resultados de experiencias en que intervén o azar, para apreciar que hai sucesos más ou menos probables e a imposibilidade de predecir un resultado concreto.
 - Introdución á linguaaxe do azar.
 - Confianza nas propias posibilidades e curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica.
 - Criterios de avaliación**
 - 1. Utilizar en contextos cotiáns a lectura e a escritura de números naturais de até seis cifras, interpretando o valor posicional de cada unha delas e comparando e ordenando números polo valor posicional e na recta numérica.
 - Este criterio pretende comprobar o manexo, en situacións reais, da representación de cantidades de até seis cifras, partindo do concepto de valor de posición. Igualmente, tentase verificar, en contextos da vida cotiá, a capacidade de interpretar e expresar situacións con cantidades da menciónada magnitude, de dominar a organización da serie escrita das cifras dun número e de situalo na recta.
 - 2. Realizar cálculos numéricos con números naturais, utilizando o conhecemento do sistema de numeración decimal e as propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.
 - Este criterio tenta comprobar a capacidade de utilizar nos cálculos a estrutura do sistema decimal de numeración e as propiedades das operacións, mostrando flexibilidade á hora de escoller o procedemento máis adecuado, ben que se debe prestar especial atención ao dominio dos algoritmos escritos.
 - 3. Utilizar estratexias persoais de cálculo mental en cálculos relativos á suma, resta, multiplicación e división simples.
 - Trátase de valorar a capacidade para utilizar con certa axilidade estratexias persoais de cálculo mental en situacións de cálculo sinxelas. Atenderase especialmente á explicación que fan sobre as estratexias aplicadas. Non se trata tanto de valorar a rapidez no cálculo como de apreciar se chegan a resultados válidos, que serán exactos ou estimados en función dos números que intervén e da situación en que o cálculo se produce.

4. Realizar, en contextos reais, estimacións e medicións escollendo, entre as unidades e instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao tamaño e natureza do obxecto que se está a medir.

Este criterio tenta valorar a competencia para escoller tanto o instrumento como a unidade de medida máis adecuados para efectuar medicións, en función do que se vaya medir. Igualmente deseñase apreciar a capacidade de estimación a partir de previsións máis ou menos razonables. Tamén se pretende comprobar se se utilizan en situacións da vida cotiá as unidades de medida propias do ciclo, converter unhas noutras e que os resultados das medicións se expresan na unidade de medida máis adecuada. Así mesmo, valorarase a capacidade de explicar oralmente e por escrito os razoamentos seguidos.

5. Obter información puntual e describir una representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano dunha pista,...) tomando como referencia obxectos familiares e utilizar as noções básicas de movementos xeométricos, para describir e comprender situacións da vida cotiá e para valorar expresións artísticas.

Este criterio pretende avaliar capacidades de orientación e representación espacial, tendo en conta tanto a linguaaxe utilizada como a representación no plano de obxectos e contextos próximos, valorando a utilización de propiedades xeométricas (aliñamento, paralelismo, perpendicularidade,...) como elementos de referencia para describir situacións espaciais. Así mesmo, preténdese apreciar a adecuada utilización dos movementos no plano tanto para emitir e recibir informacións sobre situacións cotiás, coma para identificar e reproducir manifestacións artísticas que inclúan simetrías e translacións.

6. Reconocer e describir formas e corpos xeométricos do espacio (polígonos, círculos, cubos, prismas, cilindros, esferas).

Este criterio pretende valorar se coñecen as propiedades básicas de corpos e figuras planas. Para iso é importante apreciar a capacidade para clasificar tanto figuras como corpos, atendendo a diversos criterios. En especial, porase a énfase nas clasificacións realizadas de acordo con criterios libremente escollidos.

7. Recoller datos sobre feitos e obxectos da vida cotiá utilizando técnicas sinxelas de conteaxe, ordenar estes datos atendendo a un criterio de clasificación e expresar o resultado en forma de táboa ou gráfico.

Este criterio tenta valorar a capacidade para realizar unha efectiva conteaxe de datos e representar o resultado utilizando os gráficos estadísticos máis adecuados á situación. É, así mesmo, motivo de avaliación a capacidade para describir e interpretar gráficos sinxellos relativos a situacións familiares.

8. Resolver problemas relacionados co contorno que exixan certa planificación, aplicando dúas operacións con números naturais como máximo, ben como os contidos básicos de xeometría ou tratamento da información e utilizando estratexias persoais de resolución.

Este criterio comprobará a capacidade para utilizar estratexias persoais para a resolución de problemas e para aplicar os coñecementos adquiridos. É, así mesmo, importante observar a facultade de empregar máis dun procedemento e a perseveranza na procura de solucións, e a expresión, oral e escrita, de forma ordenada do proceso seguido.

Terceiro ciclo

Contidos

Bloque 1. Números e operacións

Números enteros, decimais e fraccións

- Uso en situacións reais do nome e grafía dos números de seis cifras.
- Múltiplos e divisores.
- Números positivos e negativos. Utilización en contextos reais.

- Números fraccionarios. Obtención de fraccións equivalentes.	- Números decimais. Valor de posición e equivalencias. Uso dos números decimais na vida cotiá.
- Ordenación de números enteros, de decimais e de fraccións por comparación e representación gráfica.	- Expresión de partes utilizando porcentaxes. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.
- Sistemas de numeración en culturas anteriores e influencias na actualidade.	- Sistemas de numeración en culturas anteriores e influencias na actualidade.
- Operacións	- Operacións
- Potencia como producto de factores iguais. Cadrados e cubos.	- Xerarquia das operacións e usos da paréntese.
- Estratexias de cálculo	- Utilización de operacións de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en situacións cotiás e en contextos de resolución de problemas.
- Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores.	- Utilización da táboa de multiplicar para identificar múltiplos e divisores.
- Cálculo de tantos por cento básicos en situacións reais.	- Estimación do resultado dun cálculo e valoración de respuestas numéricas razonables.
- Resolución de problemas da vida cotiá utilizando estratexias persoais de cálculo mental e relacións entre os números, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación presentada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	- Resolución de problemas da vida cotiá utilizando estratexias persoais de cálculo mental e relacións entre os números, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación presentada, o processo seguido e as solucións obtidas.
- Utilización da calculadora na resolución de problemas, decidindo sobre a conveniencia de usala en función da compleixade dos cálculos.	- Utilización da calculadora na resolución de problemas, decidindo sobre a conveniencia de usala en función da compleixade dos cálculos.
- Capacidad para formular razonamentos e para argumentar sobre a validez dunha solución identificando, se é o caso, os errores.	- Capacidad para formular razonamentos e para argumentar sobre a validez dunha solución identificando, se é o caso, os errores.
- Colaboración activa e responsable no trabalho en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudiados.	- Colaboración activa e responsable no trabajo en equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudiados.
- Bloque 2. A medida: estimación e cálculo de magnitudes	- Bloque 2. A medida: estimación e cálculo de magnitudes
- Longitude, peso/masa, capacidade e superficie	- Longitude, peso/masa, capacidade e superficie
- Desenvolvemento de estratexias persoais para medir figuras de xeito exacto e aproximado.	- Desenvolvemento de estratexias persoais para medir figuras de xeito exacto e aproximado.
- Realización de medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais.	- Realización de medicións usando instrumentos e unidades de medida convencionais.
- Equivalencias entre unidades dunha mesma magnitude.	- Equivalencias entre unidades dunha mesma magnitude.
- Estimación de lonxitudes, superficies, pesos e capacidades de obxectos e espazos coñecidos; escolla da unidade e dos instrumentos máis adecuados para medir e expresar unha medida.	- Estimación de lonxitudes, superficies, pesos e capacidades de obxectos e espazos coñecidos; escolla da unidade e dos instrumentos máis adecuados para medir e expresar unha medida.
- Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en mediacións e estimacións.	- Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en mediacións e estimacións.
- Utilización de unidades de superficie.	- Utilización de unidades de superficie.
- Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.	- Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.
- Medida do tempo	- Medida do tempo

- Unidades de medida do tempo e as suas relacóns. A precisión cos minutos e os segundos.
 - Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos, en situacóns reais.
 - Medida de ángulos**
 - O ángulo como medida dun xiro ou abertura. Medida de ángulos e uso de instrumentos convencionais para mediñ ángulos.
 - Utilización da medición e as medidas para resolver problemas e comprender e transmitir informacóns.
 - Interese por utilizar con coñado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas, e por empregar unidades adecuadas.
- Bloque 3. Xeometría**
- A situación no plano e no espazo, distancias, ángulos e xiros.**
 - Ángulos en distintas posicións.
 - Sistema de coordenadas cartesianas. Descripción de posicóns e movementos por medio de coordenadas, distancias, ángulos, xiros...
 - A representación elemental do espazo, escalas e gráficos sinxelos.
 - Utilización de instrumentos de debuxo e programas informáticos para a construcción e exploración de formas xeométricas.
 - Formas planas e espaciais**
 - Relacións entre lados e entre ángulos dun triángulo.
 - Formación de figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.
 - Interese pola precisión na descripción e representación de formas xeométricas.
 - Regularidades e simetrías**
 - Reconocemento de simetrías en figuras e obxectos.
 - Trazado dunha figura plana simétrica doutra respecto dun elemento dado.
 - Introdución á semellanza, ampliacións e reducóns.
- Bloque 4. Tratamento da información, azar e probabilidade**
- Gráficos e parámetros estatísticos**
 - Recolla e rexistro de datos utilizando técnica s elementais de enquisa, observación e medición.
 - Distintas formas de representar a información. Tipos de gráficos estatísticos.
 - Valoración da importancia de analizar criticamente as informacóns que se presentan a través de gráficos estatísticos.
- | | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A media aritmética, a moda e o rango, aplicación a situacóns familiares. - Disposición á elaboración e presentación de gráficos e taboas de forma ordenada e clara. - Obtención e utilización de información para a realización de gráficos. | <ul style="list-style-type: none"> - Carácter aleatorio dasgunhas experiencias - Presenza do azar na vida cotiá. Estimación do grao de probabilidade dun suceso. - Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades implícitas na resolución de problemas. - Confianza nas propias posibilidades e interese por utilizar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos funcionais. |
| <p style="text-align: center;"><i>Criterios de avaliación</i></p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (naturais, enteros, fraccións e decimalis até as centésimas). | <p>Con este criterio preténdese comprobar o manexo, en situacóns tomadas da vida real, de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e sendo capaces de comparar e intercalar números escritos de diferentes maneiras.</p> <ol style="list-style-type: none"> 2. Realización de operacóns e cálculos numéricos sinxelos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, que fagan referencia implícita ás propiedades das operacóns, en situacóns de resolución de problemas. |
| <p>Trátase de comprobar a capacidade de operar cos números e o coñecemento sobre a xerarquía das operacóns. Igualmente, trátase de apreciar a utilización das propiedades das operacóns, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se debe realizar (algoritmos escritos, cálculo mental, tento, estimación, calculadora), decidindo sobre o uso máis adecuado.</p> <ol style="list-style-type: none"> 3. Utilizar os números decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. | <p>Con este criterio preténdese comprobar a utilización dos diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, e a capacidade de identificálos e utilizarlos como operadores na interpretación e a resolución de problemas.</p> <ol style="list-style-type: none"> 4. Seleccionar, en contextos reais, os máis adecuados entre os instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresar con precisión medidas de lonxitude, superficie, peso/masa, capacidade e tempo. |
| <p>Con este criterio preténdese detectar a capacidade de escolher os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, e de estimar a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsóns razoables. Tamén se quere comprobar a capacidade de utilizar con corrección as unidades de medida máis usuais, converter unhas unidades noutras da mesma magnitude, e que os resultados das medicións que se realizan se expresan nas unidades de medida máis adecuadas. Así mesmo, valorarase a capacidade de explicar oralmente e por escrito, con progresiva autonomía, os razoamentos.</p> <ol style="list-style-type: none"> 5. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir e comprender situacóns da vida cotiá. | <p>Neste criterio é importante detectar que os estudiantes aprenderon estas nocións e saben utilizar os termos correspondentes para dar e pedir información. Avaliarase se os devanditos contidos son utilizados con propiedade para comprender e emitir informacóns diversas, en particular se son utilizados na resolución de problemas xeométricos do contorno.</p> |

6. Interpretar unha representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano de casas e maquetas) realizada a partir dun sistema de referencia e de obxectos ou situacions familiares. 280

Este criterio pretende avaliar o desenvolvemento de capacidades espaciais en relación con puntos de referencia, distancias, desprazamentos e, en certos casos, eixes de coordenadas, mediante representacions de espazos familiares.

7. Realizar, ler e interpretar representacions gráficas dun conxunto de datos relativos ao ámbito inmediato. Facer estimacions baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, certo, máis ou menos probable) de situacions simxetas nas cales intervén a azar e comprobar o devandito resultado.

Este criterio tenta comprobar a capacidade de recoller e rexistrar unha información que se poída cuantificar, de utilizar algúns recursos simxetos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... e de comprender e comunicar a información así expresada. Ademais, comprobarase que se comeza a constatar que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda a certeza se producen, ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición. Estas nocións estarán baseadas na experiencia.

8. Nun contexto de resolución de problemas simxetos, anticipar unha solución razonable e procurar os procedementos matemáticos más adecuados para abordar o proceso de resolución. Valorar as diferentes estratexias e perseverar na busca de datos e solucions precisas, tanto na formulación como na resolución dun problema. Expressar de forma ordenada e clara, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.

Este criterio está dirixido especialmente a comprobar a capacidade na resolución de problemas, atendendo ao proceso seguido. Trátase de verificar que ante un problema os alumnos e as alumnas tentan resolverlo de forma lóxica e reflexiva e comprobar que comprenden a importancia que a orde e a clariza teñen na presentación dos datos e na busca da solución correcta, para detectar os posibles errores, para explicar o razoamento seguido e para argumentar sobre a validez dunha solución.

Este criterio está dirixido especialmente a comprobar a capacidade na resolución de problemas, atendendo ao proceso seguido. Trátase de verificar que ante un problema os alumnos e as alumnas tentan resolverlo de forma lóxica e reflexiva e comprobar que comprenden a importancia que a orde e a clariza teñen na presentación dos datos e na busca da solución correcta, para detectar os posibles errores, para explicar o razoamento seguido e para argumentar sobre a validez dunha solución.

ANEXO III

Horario

Os contidos referidos a estruturas lingüísticas que poidan ser compartidos por varias lingüas nun mesmo ciclo poderanse impartir de xeito conxunto. Neste caso, se a lingua de ensino destas estruturas comúns fose diferente do castelán, deberase garantir que o alumnado recibe ensinanzas de lingua e literatura castelá ou en lingua castelá nun número de horas non inferior ao que corresponda á área en aplicación dos criterios anteriores.

Para o segundo ciclo:

Coñecemento do medio natural, social e cultural 175

Educación artística 105

Educación física 105

Lingua castelá e literatura 315

Lingua estranxeira 105

Matemáticas 175

Relixión 105

Para o terceiro ciclo:

Coñecemento do medio natural, social e cultural 175

Educación artística 105

Educación física 105

Lingua castelá e literatura 280

Lingua estranxeira 140

Matemáticas 210

Relixión 105

Para o terceiro ciclo:

Coñecemento do medio natural, social e cultural 140

Educación artística 105

Educación física 105

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos 50

Lingua castelá e literatura 280

Lingua estranxeira 140

Matemáticas 175

Relixión 105

Coñecemento do medio natural, social e cultural 140

Educación artística 105

Educación física 105

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos 50

Lingua castelá e literatura 280

Lingua estranxeira 140

Matemáticas 175

Relixión 105

Coñecemento do medio natural, social e cultural 140

Educación artística 105

Educación física 105

Educación para a cidadanía e os dereitos humanos 50

Lingua castelá e literatura 280

Lingua estranxeira 140

Matemáticas 175

Relixión 105